

O CARTAFOL do LÉREZ

Nº 6 · PONTEVEDRA · MAIO 2014 · ESCRITA CREATIVA · TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA

UN CALENDARIO DE VERSOS NO MES DAS LETRAS GALEGAS

Os escolares de Pontevedra celebran o Día das Letras Galegas non só no mes de maio, senón durante todo o ano. Levan á práctica o seu desexo de festexar mil primaveras máis para esta lingua. E mil veráns, mil outonos e mil invernos máis. Os poemas de Antonio Rubio no “Almanaque musical” foron a súa fonte de inspiración para crear o seu propio calendario de versos.

PRIMAVERA

As notas nacen no pentagrama e florecen co son do jazz, a clave de sol empeza a saír no ceo para as notas brancas quentar.

Florecen as flores como notas de vento. Sae o arco da vella a tocar os instrumentos.

Os animais sinfónicos saen das covas, tocan silencios e tamén notas.

A brisa de primavera sopra, sopra, sen temor, e o silencio de redonda tráenos a súa calor.

Os animais espertan do inverno e achéganse cantando á viola que toca aromas de nardo.

Un paraugas pentagramal: as pingas caen como notas musicais, os nenos saltan nas pozas como ondas afundindo os barcos.

Comeza a facer calor e os músicos tocan o saxofón. A primavera remata cos sostidos e os pentagramas.

VERÁN

O solsticio de verán comeza coa clave de sol en cabeza. As negras van á praia e montan unha festa.

As ondas do mar forman un pentagrama no que os peixes nadan sobre o son da praia.

Cantan os paxaros na árbore coa súa voz tremeluciente. A guitarra coa súa corda forma un son transparente.

Vai moita calor, as claves de sol bailan sen son, todo o mundo vai á praia e pai desexa na area un pentagrama.

As claves de sol producen calor, pero para as partituras non necesitamos vacacións.

Na orquestra o violín, a trompeta, cantan na praia cando se agocha o sol. O noso xeado échese de area e derrétese coa calor.

Tomar o sol é como xogar coa clave de sol: se multiplicas a calor obterás un si bemol.

OUTONO

No outono caen as corcheas do pentagrama da orquestra. No outono caen as notas, que voan como abellas.

O violín soa ao compás do vento. Os castiñeiros dan castañas mentres os músicos tocan a arpa.

O vento bate no pentagrama e as notas agardan asustadas. Agóchanse tras un tamboril esperando que chegue abril.

As follas marróns alaranxadas amoreadas vense no chan, ningunha delas quedará cando chegue o son do verán.

As follas caen das árbores cun suave son de chelos. Nas tardes do outono frío as gaivotas móvense co vento.

Outono de froitos secos que nacen nos pentagramas antigos dos souts orquestrais... (Do, re, mi, fa, sol, la, si, do)

As follas caen –de cores escuras– formando un manto no chan, tropezando nun muro.

Caen as follas, sopra o vento e parece que as follas van correndo.

Comemos castañas, noces e, á parte diso, tamén doces.

INVERNO

Comeza o inverno co canto do vento lixeiro de fusas sen parar un momento.

O frío pentagrama, conxelando as notas brancas, escoitando as badaladas nas nosas quentes casas.

O feroso trompetista anuncia a chegada do Nadal, coa súa sinfonía que toca dende o ventanal.

Os músicos entoan unha balada musical en harmonía co vendaval.

A arpa musical toca a melodía mentres tres nenos escoitana cada día.

O ano comeza, a neve cae en forma de redondas que os músicos traen.

No inverno chove, inverno de vento, as cordas da arpa tremen en silencio.

As foleperas de neve caen como notas musicais. As raías do pentagrama escóndense no colo das nais.

Pola fiestra vemos a neve por riba das casas. Os violíns esvaran entre corcheas e brancas.

Primavera: Álvaro Núñez Illán, Iván José González Fragueiro, Sofía García Quinteiro, Elena Veiga Vilariño, Pablo Portela Medraño, Javier Jorge Fernández, Hugo Martínez Troitiño, Lucas Barros Vázquez, Gabi Pousada Martínez, David Chan García, Mariña Fernández Buceta, Cándida Álvarez Sampaio, Iago Iglesias Prieto, Iván Seijas Espiño, Paula Remiseiro Chaves.

Verán: Isaac Pontevedra Couso, Lara Graña Colombo, Esteban Pazos Parada, Manuel Portela Crespo, Martín Pérez Pousa, Nerea Porto do Paso, Santi Pérez López, Nicolás Cerviño Iglesias, Pablo Chendo Couso, Telmo Bravo Barrio, Paula Rivas Andrade, Marcos Villa Hernández, Víctor Pérez Santos.

Outono: Noa Casal Bacariza, Alba Civera Cerviño, Sofía Caramés Lage, Cristina Domínguez Pintos, Claudia Couto Fernández, Ainhoa Chamadoira Diz, Hugo García Souto, Sofía Neira Cibeira, José Omil Santos, Daniel Fraga Gonicelo, Lucía Navaza Novo, Alejandro Gamen López, Alba Piñeiro Justo, Noela Pereira Justo, Roberto Rodríguez Dobarro, Julia Pelegri Coto, Marlon Barco Bernal, Enic Pérez Cortizo.

Inverno: Clara Piñeiro Rodríguez, Sabela Vila Conde, César Varela López, Santiago Boiero Baisce, Anxo Braña Piay, Álvaro Castro Santos, Javier Santos Rosales, Manuel Martínez Vilas, Yago Otero Arosa, Sara Charlín Regueira, Paula Barros Penelas, Carmen Caeiro Arca, Alba Arias Gómez, Iria Pampín Rodríguez, Alberto García Tomé, Graciela Gorís Vaqueiro, Selene Torres Martínez, Natalia Touriño Barreiro, Xoel Solleiro Gómez.

(CEIP de Vilaverde-Mourete, 5º)

PRIMAVERA

As cordas do violín, arco da vella da miña sinfonía. Cando chega o vento, fan soar unha fermosa melodía.

Saen polos campos os rapaces berrando, a xente que baila alegre e paxaros en pizzicato.

VERÁN

Cando imos á praia a música fai ondas. O sol está de vacacións e substitúeo unha redonda.

No verán vai calor, abonda a sequía, e o silencio de redonda dános alegría.

OUTONO

O clarinete sopra levando as semicorcheas ata as ventás das nosas almas.

Asómase a clave de sol entre nubes grises, cargadas de chuva, que mollan as melodías tristes.

INVERNO

A neve do pentagrama triste encheuse de foleperas negras, rompendo a melodía, saíndo dende as tebras.

Envolta en neve, ao frautista, agasallárono cunha baqueta e cunha gaita nova que canta con xeadas semicorcheas.

Primavera: Laura L., Andrea C., Laura V. e Judith A.

Verán: Sara, Claudia, Patricia, Nerea e Óscar.

Outono: Dinke Suárez Dopico, Miguel André Cota, Roberto Pintos Ríos e Pablo González Meixús.

Inverno: Mª del Pilar Davila Cortés, Toni Argibay Ligerio, Lois García Gargamala e Diego Castro Malvar.

(CEIP Marcón, 5º)

ÍNDICE

PÁX. 2

- EDITORIAL
- UNHA VIAXE POLAS NUBES
- NOVAS NA BIBLIOTECA

PÁX. 3

- UNHA VIAXE POLAS NUBES

PÁX. 4

- HISTORIAS DISPARATADAS, HISTORIAS MESTURADAS

PÁX. 5

- CONTOS PARA FILOMENA
- EN CLAVE RODARIANA
- DICIONARIO FILOMÉNICO

PÁX. 6

- UNHA IMAXE, UNHA HISTÓRIA

PÁX. 7

- ENTREVISTA A PINTO & CHINTO

PÁX. 8 E 9

- O CARTAFOL EN IMAXES

PÁX. 10

- ZOOLOXÍA DOMÉSTICA
- ANIMAIS NON TAN IMAXINARIOS

PÁX. 11

- ANIMAIS NON TAN IMAXINARIOS
- EXPLORANDO NOVOS TERRITORIOS

PÁX. 12

- VIAXES AOS CONFÍNS DO PLANETA
- BIOGRAFÍA DE VIDAURRE

PÁX. 13

- BIOGRAFIA DE VIDAURRE

PÁX. 14

- A FICCIÓN SUPERA A REALIDADE
- MAIS SUCESOS ABRAIANTES

PÁX. 15

- CONTOS AO REVÉS
- A BIBLIOTECA

PÁX. 16

- ENTREVISTA A MIGALLAS
- ADIVIÑAS CANTAREIRAS



EDITORIAL

No mes das Letras Galegas, unha nova edición de O CARTAFOL DO LÉREZ vén de chegar aos centros educativos de Pontevedra. Con este xa son media ducia de boletíns, cada un dos cales recolle unha escolma de traballos do medio milleiro de alumnos e alumnas de 5º e 6º de Primaria que participaron nos obradoiros de creación literaria. Actividades nas que non só estimulan o “músculo da imaxinación”, parafraseando o ilustrador David Pintor na entrevista feita por un grupo de escolares, senón que se fomenta tamén a expresión oral e escrita na lingua de Rosalía.

Unha edición especial de dezaseis páxinas que condensa o que deron de si os 50 obradoiros de escrita creativa impartidos en nove colexios a partir dunha vintena de propostas baseadas nunha bibliografía completa e diversa en xéneros e temáticas: poesía, banda deseñada, micro-relatos ou música, a través do encontro – neste caso – co grupo pontevedrés Migallas. Achégaselles así á figura dos autores, coñecen as súas fontes de inspiración, o arduo traballo que hai detrás de cada libro.

Experiencias que non só se plasman nas páxinas do xornal impreso, senón que teñen continuidade nos contidos da versión dixital www.ocartafoldolerez.com, que ademais permite a interacción dos nenos e nenas a través de comentarios, enquisas ou xogos. O obxectivo desta iniciativa da Concellería de Educación do Concello de Pontevedra e mais Kalandraka segue centrándose na dinamización das bibliotecas escolares como espazos vivos, no estímulo da creatividade e do traballo colectivo nas aulas, e no fomento da lectura en galego. Mil primeiras máis para as nosas letras!

UNHA VIAXE POLAS NUBES

Lugares fantásticos, sucesos inesperados, personaxes sorprendentes... Todo pode pasar cando se viaxa nunha nube. O alumnado de 5º do CEIP Froebel e os seus compañeiros de 5º e 6º do CEIP A Carballeira foron os privilexiados tripulantes dos nubes que sobrevoaron Pontevedra nas últimas semanas. Lendo “A nube de Martín” descubriron un mundo fascinante ao que volver empregando a imaxinación.



AVENTURA POLO CORPO. Hoxe soñei unha cousa moi rara: que me convertera nun virus do oído e que me metía na orella dun neno que pasaba por alí. Dentro da orella estaba todo moi escuro, que medo! Despois fun ao seu nariz. Era increíble! Do nariz pasei á boca e, de súpeto, tragoume. Pasei pola gorxa a toda velocidade, era como nun tobogán enorme cheo de voltas. Era moi divertido! Ao final caín no estómago e dei un golpe fortísimo. Todo comezou a moverse. Saín disparado pola súa boca con todo o que había no ventre. Que noxo! Pensei outra vez. Caín ao chan e levei outro tremendo golpe.

Esta foi a maior aventura que vivín ata o de agora. Iso si, non penso volver soñar o mesmo.

Jonás Abad Castro
(CEIP Froebel, 5º)

Na miña nube fago nevar alas de paxaro, pónoas e empezo a voar entre orellas e narices. Métome nun xersei xigante con botóns enormes, ata chegar ao embigo. Está moi escuro e coa miña man lanterna podo ver a peluxe. Semellan xigantes anacos de po. Cando saio do embigo vou pola orella do neno e pásoo moi ben xogando nela, ata que a miña nai me pide que baixe á terra.

Diego Ventoso Blanco
(CEIP Froebel, 5º)

Había unha vez unha nena á que lle encantaba debuxar. Tanto debuxaba que non se relacionaba con ninguén; nos exames facía debuxos no papel. Non facía máis que debuxar. Os seus debuxos eran os mellores do colexio, pero as súas notas non eran tan boas. Un día había un concurso de debuxo na cidade e, como non, María, que así se chamaba, anotouse. Estaba moi emocionada pero todos os debuxos que facía para o concurso non lle gustaban e guindáboas á papeleira. Os debuxos empezaron a moverse na papeleira. A nena, ao velo, case que se desmaia. De súpeto, deuse de conta de que non eran os debuxos; era ela. Tiña o poder de darlle vida ás cousas inanimadas! Estaba un pouco asustada pero dáballe igual. Tiña poderes! Non sabía que facer, se avisar os pais ou xogar cos poderes. Decidiu como moitos dos nenos farían, xogar con eles. Pero armouse un grande escándalo na habitación e os seus pais foron ver que pasaba. A nai desmaiouse e o pai deu un berro enorme –Ahhh!

Ao acordar a nai, a nena contoulles o que pasaba. Os pais non saían do seu asombro, posto que aquilo non era normal. Foron xunta o médico, pero o médico non sabía que facer. A nena quería seguir tendo o seu poder, así que inventou un plan para facer que os pais pensarán que non os tiña. Os pais crérono. Entón, a nena, seguiu tendo o seu poder en segredo. Cando a nena facía vivir as cousas, tamén podía volveras ao seu estado inerte. Se non, sería un disparate.

Laura Baquero López
(CEIP Froebel, 5º)

Hai tempo había un neno que tiña un soño, poder subir ao faro da súa cidade. O neno vivía coa súa nai ao lado dun restaurante moi famoso, O Filurais. O neno chamábase Tormito Torpón e, como

o seu apelido indica, é torpe en todo o que fai: nos deportes, nos deberes... Falando do seu soño, tiña un amigo que precisamente vivía no faro. O seu amigo chámase Parino Marino e o seu pai tiña un barco. –No faro hai un segredo que só eu e o meu pai coñecemos –dicía sempre Parino. –É por iso que non podes vir visitar o faro. –Tormito quería saber o segredo, pero Parino non o quería contar. En xullo, Parino foi de vacacións, Tormito aproveitou a ocasión e colouse no faro. Ao principio non veu nada, pero entón... atopou un tesouro! Tormito dispúñase a abrillo, pero pensou que o seu amigo se enfadaría moito con el. Ao final deixou todo como estaba e foise moi contento pensando que descubriera o segredo de Parino e que cumprira o seu soño de poder subir ao faro.

Santiago Carrizo Marchena
(CEIP Froebel, 5º)



Había unha vez un neno que se chamaba Manoliño. Un día soñou coa chuvia de cores. Púxose moi contento e durmiu outra vez para gozar dela. Manoliño deu moitas voltas, mareouse e acordou. Uns minutos despois, Manoliño escribiu no seu diario: Querido diario, cada vez que quedo durmido soño coa chuvia de cores. Manoliño pensaba: –Quero que sexa de noite para contemplar a chuvia de cores.

Chaimaa Bentani Avali
(CEIP Froebel, 5º)

(Continúa en páxina 3)

NOVAS NA BIBLIOTECA

A Terra colleu unhas vacacións

A Terra empezou a engordar e todo se fixo máis grande. Despois empezou a adelgazar e todo se fixo máis pequeno. Todo isto débese ás vacacións que tomou.

A Terra tomou vacacións o 3 de febreiro e deixou de dar voltas. Segundo contan os veciños, a Terra estaba cansa e foi un médico quen lle dixo que tomara unhas vacacións. En principio, as vacacións da Terra son de quince días. Uns nenos, Paula e Paulo, díxéronos que non había nin día nin noite e que se pasou do verán directamente ao inverno.

Andrea Ibáñez Muíños
(CEP Marcos da Portela, 5º)

A Terra está na Lúa

A Terra foi de vacacións e uns países fixéronse máis grandes. Outros, máis pequenos. Había uns nenos, Paulo e Paula, que estaban contentos, pero fixeron unha reunión de países e pedíronlle á Terra que volvera traballar. E así foi.

O tío de Paulo e Paula estivo de vacacións na China e todos os días fixo unha calor increíble. Cando a Terra deu a volta, volveu a Pontevedra. Cando ía traballar, caelle unha árbore enriba do coche e tivo que ir a pé. El era membro da CTENL e foi un dos que lle pediu á Terra que volvera traballar. Paulo di que cando a Terra encollera, corraera o mundo enteiro a pé. Un veciño foi comprar e comezou a chover moi forte. Era a Terra, que se estaba a duchar. A Terra di que, por tantas voltas e tanto traballo feito, necesitaba unhas vacacións, pero que volvera traballar en xullo de 2014.

Diego González González
(CEP Marcos da Portela, 5º)

A Terra colle unhas vacacións

Un día a Terra cansou de xirar e parou. Púxose a tomar o sol e empezou a engordar. Os países fixéronse cada vez máis grandes.

Dous nenos chamados Paula e Paulo alucinaron porque a Terra parou de xirar. O pai dos nenos díxolles que xa se aburrirá e volverá xirar.

Cristina Gil Grandal
(CEP Marcos da Portela, 5º)

Non hai noite nin día

Desde que a Terra deixou de xirar, a noite non existe e o día tampouco.

A Terra deixou de xirar, entón non hai día porque tápaos mentres toma o sol. Pero tampouco hai noite xa que, ao parar, queda unha parte de día e outra de noite. Os habitantes dos países están preocupados pola situación e, ao ver que a Terra deixou de xirar, decidiron formar a Comisión A Terra Está Na Lúa (C.T.E.N.L.). Os habitantes da Terra formaron esta comisión para dicirlle que volva xirar, xa que provocou catástrofes como que non haxa trens, que as casas sexan pequenas, que os países encolleran e os nenos chegaran tarde ao colexio.

Laura Portela Justo
(CEP Marcos da Portela, 5º)

Todo está máis lonxe

Os camiños están medrando e as persoas tardan máis en chegar á casa.

Debido a que a Terra deixou de dar voltas e non para de engordar, os camiños non deixan de medrar. Os

habitantes da Terra están amolados porque teñen que percorrer distancias moi grandes e gastan moita gasolina. “Nunca vin tal cousa. Tardo moito tempo en chegar á miña casa” dicía onte Santiago.

Freda Adams
(CEP Marcos da Portela, 5º)

A Terra está na Lúa

A Terra fartouse de súpeto de xirar e xirar sempre sen parar e decidiu tomar unhas vacacións. O pai de Xoán e María dixo: “Estou farto desta Terra. Veña a cear e a durmir axiña”.

Un día, a Terra decidiu tomar unhas vacacións. Un veciño de Xoán e María veu como encollía e avisou a todo o mundo. O alcalde declarou: “Non pasa nada. Deixemos que a Terra tome unhas vacacións.” “A onde vai ir?”, preguntou un señor que pasaba por alí. “Non sei, pero que vaia a onde lle apeteza”, dixo o alcalde. De súpeto, a Terra espirrou e pareceu un terremoto.

Isaac Agudo Lomeiro
(CEP Marcos da Portela, 5º)




Cando estou na miña nube sempre soño con sereas. Arrandéanse, cantan, fan piruetas... Entre os corais xogan, entre a espuma nadan, e na praia observan a lúa. Cando estou na miña nube sempre vou nadar coas sereas, persigo os peixes e durmo en leitos de sal. Onte pola mañá subín á miña nube no exame de galego. As sereas aínda durmían, así que, baixei da nube, fixen o exame, entregueino e subín de novo. As sereas xa non estaban durmidas, saudáronme, saudeinas, e mergulleime no mar. Nadamos e nadamos ata chegar a unha illa. Alí tomamos zume de coco e volvemos á beira da praia. Despedímonos e baixei da miña nube. Despois, pola noite, subín de novo. Non vin as sereas e decateime de que quizais volveran a aquela illa á que fomos pola mañá.

Antía Vázquez Hermida
(CEIP Froebel, 5º)

A FESTA. Un día, as tres sereas, María, Rosana e Sandra, decidiron facer unha festa de pixamas. Convidaron a 30 persoas, pero ningunha asistiu. Cando se decataron de que ninguén ía ir, puxéronse moi tristes. Botáronse a chorar, agás María, que lles propuxo facer a festa máis divertida da historia. Deixaron de chorar e fíxose un silencio tremendo durante un momento. Ao pouco, Rosana e Sandra dixeran que si. María fíxolles tatuaxes na pel mentres Sandra se dedicaba a pendurar cunchas con fíos flotantes. Empezaron a festa e remataron vendo películas de medo. Ao día seguinte, cando foron para o traballo, ensinaronlle ás súas compañeiras as fotos. Elas quedaron sorprendidas e arrepentidas de non ter ido. Ao rematar de traballar pedíronlles que fixeran outra festa de pixamas. Esa mesma noite, ao abriren a porta, había máis de 30 persoas. Esa si que foi unha festa espectacular.

Adrián Tobío Fernández
(CEIP A Carballeira)



ARQUITECTO. Un día calquera, un neno tivo unha idea: quixo debuxar unha cidade nova para corrixir as imperfeccións da súa cidade. Estivo dúas semanas para debuxala e por fin a rematou. Mandouna a un concurso. Pasaron tres meses e medio e chegoulle unha carta. Na carta puña que quedara primeiro e o premio era que ían construír a cidade que el debuxara. Volveron pasar tres meses e a cidade xa estaba feita. O alcalde preguntoulle cal era o nome da cidade e el díxolle que se chamaba Marga, na honra dunha amiga súa que tiña unha discapacidade.


Un día despois, Marga deuse de conta de que agora tiña unha cidade co seu nome, pero non sabía quen a fixera. O neno era moi tímido, así que mandoulle

unha carta a Marga para dicirlle que fora el. A nena quixo ir á súa casa para darlle as grazas e, cando chegou, veu un camión de mudanzas. Marga preguntoulle a onde ía, e el contestou –Vou a Marga, nº 17.

Rubén Salgueiro Fernández
(CEIP A Carballeira)

Había unha vez un neno chamado Miguel que sempre estaba nas nubes. A Miguel gustáballe Lía e sempre que estaba nas nubes pensaba nela. Gústalle debuxar casas de sombreiros, nubes, ventás... Imaxinaba que as cores pintaban soas. Cando baixaba da nube ía polo cuberto. Algúns días enfadábbase e subía á nube a pensar en Lía. A el parecíalle moi guapa. Miguel soñaba que un día... Lía caía dunha ventá e el rescatábaa. Miguel, estás tolo!

Yaiza Fernández García
(CEIP Froebel, 5º)



UNHA VIAXE AO MUNDO DAS LAMBETADAS. Un día de inverno, Catuxa e o seu mozo, Diego, decidiron realizar unha viaxe ao mundo das lambetadas, nunha nube! Cando emprenderon a viaxe empezou a chover. Non se estrañaron, xa que era inverno. As gotas de chuvia eran de moitas cores porque o ceo estaba contento de que a humanidade estivera en paz, e decidiu estar alegre coma o mundo. Un ano despois chegaron e puxéronse a construír casas feitas de lambetadas. Estaban dispostos a seguir traballando pero, de súpeto, apareceu un linxe e non sabían que facer. Decidiron coller un anaco de regalicia e convertela nunha gaiola. Cando o linxe ía a por eles, zas! Apresárono. E como xa non había ningún perigo, decidiron acabar a súa aldea. Cando remataron foron buscar distintos tipos de persoas, razas e sexo, xa que non discriminaban a ninguén.

Silvia Vilas González
(CEIP A Carballeira)

UNHA VIAXE INACABADA. Un día de verán, uns rapaces estaban a xogar nunha nube. Ao lonxe, un globo aerostático ía achegándose cada vez máis aos nenos. cando, de súpeto, fixéronse en que estaba a chover pingas de cores e pensaron que podería ser porque son as cores do verán. Eles estaban facendo unha viaxe arredor da terra. Non paraban de sorprenderse cada vez máis polas fascinantes paisaxes que vían: campos verdes coma as verduras, un ceo vermello coma o sangue, neve caendo tan branca coma o leite e as sombras das árbores tan negras coma o carbón.

Patricia Rodríguez Torres
(CEIP A Carballeira)



Había unha vez unha *superavoa* con lentes de raios X e cun té *espantaladróns*.

Tamén tiña un *superneno* que co seu libro fantástico, reducía os viláns. Un día, mentres paseaban, viron un ladrón roubando un banco. A *superavoa* tirou o seu té á cara do ladrón. O té estaba tan quente que o ladrón desmaíouse. Despois, *superneno* deulle un lapote na cara. Ao seguinte día, os xornais titulaban: “*Superavoa e superneno* salvan a cidade.” Estaban satisfeitos, era a súa quinta vitoria consecutiva. FIN.

–Avoa, xa rematei de contarche este conto.
–dixo Luís.
–Grazas neto, –respondeulle a avoa, chamada Luísa.

Fabián Freire San Luis
(CEIP Froebel, 5º)



Nun mundo moi estraño, Benxamín observaba o ceo no faro, pensando por que chegara ata alí. El non tiña pais e non podía parar de recordar que caera do ceo.


Mentres durmía na lúa, tranquilamente, algo achegouse rapidamente cara a el. Chocaron. Benxamín esvarou e intentou agarrarse a unha estrela, pero caeron. Así chegou ata alí. A estrela perdeuse e Benxamín cría que se a atopaba podería volver á súa casa. A viaxe non era moi longa, só tiña que pasar en globo aerostático a Firulais e de alí á Torre. Benxamín viaxou nun globo que, por sorte para el, pinchouse ao chegar a Firulais. Xa no edificio, dirixiuse á Torre nunha bicicleta. Chegou ata alí e, na punta, atopou a estrela. Cando a colleu, encontrouse de súpeto na súa cama descansando...

Cristina Sanz Acuña
(CEIP A Carballeira)

A CHAVE DA PORTA DE CELESTINA. Había unha vez un neno pobre que nacera nun faro e vivía alí. Sempre estaba nas nubes pero, cando intentaba durmir, non podía pola luz que desprendía. Tiña que saír do faro para poder durmir. Un día tivo o seu mellor soño. Soñou que saía do seu faro e na porta había un unicornio. O neno, que se chamaba Xan, subiu ao mundo do ceo. El cría que morrera, pero só era un soño: Ao chegar ás nubes, había un gran prado con casas e arcos da vella no ceo. O unicornio levouno a un gran faro que, na parte de arriba, tiña un unicornio cunha coroa na cabeza e ao seu lado había un par de unicornios, un macho e unha femia, que tiñan outras coroas. O macho era de cor verde e o outro era de cor rosa polo outro lado do ceo. Había outro faro con moita luz, pero esa luz era vermella coma o sangue e toda a súa paisaxe era negra. O unicornio rei pedíume que fora a aquel faro. Acompañoume o unicornio que me trouxera ata o ceo. Empezamos a viaxe cara ao faro e preguntéille o que íamos buscar, e o unicornio díxome que buscábamos a chave celestial para abrir as portas dun reino chamado Celestia, onde había moita vexetación e un faro-castelo. Cando chegamos ao faro entramos. O unicornio fíxonos invisibles e chegamos á porta da chave. Había un crebacabezas e o unicornio conseguiu facelo. Despois collemos a chave e intentamos abrir a porta, pero todo se puxo máis verde ca nunca. Un dragón

colleume e tiroume á terra. –Ahhhhh!
–berrei ao acordar. O neno subiu ao faro e escribiu unha novela.

André Castro García
(CEIP Froebel, 5º)



OS XOGUETES MÁXICOS. Había unha vez un neno chamado Antón. Tiña once anos recién cumpridos. Cando celebrou o seu aniversario soprou as candeas da torta e pediu un desexo: que os xoguetes cobraran vida para sempre.

Ao día seguinte, ao acordar, viu o seu parullo de corda camiñando polo cuarto. Ergueuse e foi correndo ao cuarto dos seus pais.

–Cumpriuse! Cumpriuse!

–O que? –dixo Marta, a nai de Antón.

–O meu desexo! O que pedín onte no meu aniversario!


–E que pediches? –dixo Amancio, o pai de Antón.

–Pedín que os meus xoguetes cobraran vida para sempre. Veña, vinde velo.

Os pais foron ao cuarto de Antón e viron o soldadiño de chumbo, o coello, o parrulo... a todos camiñando polo cuarto!
–Isto é increíble!

E Antón foi o neno máis feliz do mundo.

Minia Beltrán Braña
(CEIP Froebel, 5º)



Chámome Rosalía, teño os cabelos moi, moi, pero que moi longos. Tamén o teño un pouco ondulado e da cor do carbón. Di a miña nai que arrecende. O meu pelo é xenial, pero eu teño o problema de que sempre estou pensando en paxariños vermellos, amarelos, azuis... e non sei por que! Eu non son como as nenas da miña clase, que son máis de deportes, patacas fritidas, refrescos... a ver se me pasa! Seguro que si, agárdoo impaciente! Onte fun ao psicólogo e díxome que era por que estaba feliz, pero eu non sempre estou feliz! Despois de falar deume un amuleto moi raro, tan raro como o pantalón da miña avoa. Era de madeira gastada e coa forma dunha cara como as que teñen as señoras que adiviñan o futuro. Eu collino con medo e deille as grazas. –De nada. –Dixo el.

Teño outro problema. Voullo contar á miña nai.

–Mamá, podoche contar unha cousiña?

–Claro, meu amor –respondeu cariñosamente.

–É que me gusta un neno da miña clase.

–Dixen.

–Como se chama? –preguntou.

–Chámase Xabi. –Dixen eu.

–Xa sei por que pensas en paxariños. É por que che gusta Xabi e estas namorada.

–Dixo a miña nai.

–Claro, ten toda a lóxica!

–Ai, que rápido medrades!

Xulia Ramos Sánchez
(CEIP Froebel, 5º)

HISTORIAS DISPARATADAS, HISTORIAS MESTURADAS

Os nenos e nenas de 6º curso do CEIP Froebel puxeron en práctica un interesante experimento consistente en mesturar os contos e os personaxes creados por Ursula Wölfel para o libro “29 historias disparatadas”. Trala lectura destas novas creacións literarias, non menos interesante será o xogo de adiviñar a que relato corresponde orixinalmente cada protagonista.

A historia da piruleta que caeu nas estrugas

Un neno de tres anos máis ou menos ía por un camiño dun parque chupando unha piruleta. Cando non quixo máis, tirouna a unhas estrugas que había na beira do camiño. As estrugas vírono e empezaron a comer nela. Cando o neno volveu por alí a piruleta non estaba e o neno pediulle outra á súa nai. A nai deulle unha nova lambetada ao neno, que a deixou tirada no mesmo lugar. Cando volveu xa non estaba e o neno pensou que era maxia. Botouse ás plantas e... acabou mal.

Pablo Ajuria Queipo
(CEIP Froebel, 6ºA)

Unha perda descomunal

Un día calquera, unha nai cunha obsesión pola cor amarela tivo dous fillos e un marido. A causa da súa obsesión, o seu marido e os seus fillos son amarelos. Un día foron á praia e, como a area era desa cor, os fillos e o home caeron ao chan e perdeunos. Cando estaba o sol moi baixo, atopounos pola sombra que facían. A muller foi ao psicólogo para superar a súa obsesión. Tardaron moitísimo en curala pero, cando por fin o logrou, volveu todo á normalidade e nunca máis se volveron perder na praia.

Diego Rúa Barreiro
(CEIP Froebel, 6ºB)

A historia da muller pequena e do home grande

Este era un home que non paraba de medrar e non cabía na súa clase. A súa irmá tiña un efecto contrario, non medraba e custáballe subir á súa cadeira. Un día, ou máis ben unha noite, o home saíu ver as estrelas e viu unha estrela fugaz. O home cría que se desexaba ser máis pequeno, volvería ser baixo. Equivocábase; nin sequera un centímetro. De feito, medrou un metro máis. A muller tamén pediu un desexo, ser máis grande, pero igual que lle pasou ao home, diminuíu o seu tamaño. Ninguén sabía por que eran así. O home e a muller fixeron unha promesa: xamais volverían ocultar o seu verdadeiro rostro.

Óscar Acuña Vázquez
(CEIP Froebel, 6ºA)

Vinte e vinte

Un gran día, un barbeiro atopouse cunha muller no parque. Pareceu guapa e preguntoulle se quería tomar un café con el. Ela aceptou e quedaron ás seis en punto. O home chegou á barbaría e a muller á súa casa. O home púxose a cortar pelos; a muller a escribir e afiar lapis. O home cortou e cortou; a muller afiou e afiou, ata que deron as seis en punto. O home saíu da barbaría e a muller da súa casa. Atopáronse diante do bar e tomaron un café, coñecéronse mellor e decidiron quedar outro día á mesma hora. Quedaron e volveron quedar, tomaron e tomaron café, ata que un día o home, tan namorado dela, non puido

ocultalo máis... Levaba perruca. A ela non lle pareceu estraño, e dixo que o quería tal e como era. Casaron, foron vivir xuntos e cada un seguiu co seu traballo. Tiveron moita sorte, gañaron moitos cartos porque o home tivo moitísimos clientes e a muller publicou unha gran novela coa que se fixo moi famosa e rica, e coa que se motivou para seguir escribindo, porque era o que lle gustaba de verdade e o que lle facía ser moi feliz. Os dous mudáronse a unha casa máis grande, con piscina, cun xardín moi grande, baixo e garaxe de vinte prazas. Tiveron vinte fillos, dez aos que lles gustaba escribir e dez calvos coma o pai.

Diego Mirón Jiménez
(CEIP Froebel, 6ºB)

A historia sobre afiar os lapis

Había unha vez un neno que non quería afiar os lapis porque para el era moi aburrido e despois doíanlle as mans. Un día cansou e pensou en facer un lapis que se afiara só. Cando o 23 de outubro terminou o seu lapis, púxose moi contento porque funcionou á primeira e el xa non tiña que facer nada mentres o lapis se afiaba. Pasado un tempo, o lapis estaba a se acabar e o neno non tiña suficientes cartos para comprar o material e facer outro lapis autoafiable. Ao final tivo que seguir afiando os lapis coas súas mans.

Roi Surribas Porto
(CEIP Froebel, 6ºB)

O home e a muller

Unha muller quería escribir un libro e para iso comprou un monte de lapis e outro monte de folles de papel. Cando estaba comprando, viu un home guapo que estaba mercando tres botellas grandes de xampú. A muller achegouse ao home e preguntoulle por que collera tantos. Dixolle que eran para darse un baño relaxante despois de

Cando o home foi traballar, a muller pensou: se consigo facer todo perfecto e rápido serei famosa. E púxose mans á obra; en menos de cinco minutos limpou toda a casa, puxera a lavadora, fixera a compra e preparara a comida. Día a día foi batendo o seu propio record ata que un día gañou o Premio á Super-Ama de Casa. E o seu home pasou a ser coñecido como “o marido da super-ama de casa”.

Carlos Balboa Cintrón
(CEIP Froebel, 6ºA)

A historia do catarro perdido

Aló ao lonxe, lonxe vivía Azucra. Ela non era unha nena calquera; tiña o pelo amarelo e verde, os ollos violetas, os narices –porque tiña dous– azuis, e o peor, gustábanlle os catarros. Ao principio ninguén o entendía nin sabía por que. Cando ía pola rúa, non se abrigaba. Un día de inverno, ía moitísimo frío, uns cinco graos baixo cero; e cando chegaba a calor, ao día seguinte, estaba enferma. A súa vida íalle mellor: sen colexio, sen deberes... Un día, a súa nai, farta de que fose irresponsable e non fixera nada, enganou a Azucra para que curara. Tapouna ben todos os días e, o 21 de marzo, cando xa saíra o sol, Azucra atopábase ben, perdera o seu catarro. Todo volvera ser coma antes: deberes, clases... Como faltara tanto tempo á escola, Azucra tiña que facer o triple de exercicios. Non sabía que máis facer; sen catarro, non se libraba de nada. Tentouno todo: meterse en auga fría, ir desabrigada. Ata se meteu no conxelador. Menos mal que a súa nai atopouna a tempo, porque os seus narices xa comezaran a pórse vermellos. Azucra non quería estar ben, e berroulle á nai: –Mami! Non quero estar ben! –Bon! Non digas iso! Non ves que se estás mala non podes ter ximnasia? –Xa... pero teño deberes! –Ben, pero se estás boa podes xogar ás bólas! E ademais, unha persoa enferma non pode traballar de cantante polo mundo, como ti desexas ser de maior. –Pois si, desde agora coidareime moitísimo! A todos os nenos gústalles estar enfermos, menos a Azucra. O malo é que como todos pensaban coma ela, agora ninguén ía ao cole, nin xogaban con ela, porque non había ninguén. E arrepenhiuse de estar sa, e sempre pensaba: –A onde iría o meu catarro?

Paula Piñón Penela
(CEIP Froebel, 6ºB)

Cun catarro os noivos conseguen algo en común

Unha parella de noivos camiñaba pola rúa, pensando xustamente nas cousas malas que tiñan os dous. Non se puñan de acordo: que se es moi gordo, que se hai que facer dieta, que se es tan pequena que teño que poñerme de xeonllos para poder verte... E non sabían como solucionar o problema. Mentres camiñaban pasaron por un parque de bólas e sorprendéronse con que moitos nenos saían ás carreiras de alí, así que foron ver. –Cof, cof, cof... achís! –Ahh! Mamá! Esa nena é un monstro!

Unha nena chamada Mica tiña un catarro moi forte e, co catarro, as bólas da piscina saltaban polos aires os nenos asustábanse, pensando que era un monstro. Así foi como viron a solución: co catarro da nena, contaxiáronse os dous e xa terían algo en común! –Podes vir un momento. Por favor? –Claro, pero que sodes? –Somos Can e Gata. –Que nomes tan diferentes tedes! –Xa o sabemos, nos os nomes se repelen. Por iso queremos que nos axudes. –Como? Cof, cof, cof! –Ves? Co catarro. –E para que o queredes? É meu! –Por favor, é para que, polo menos, teñamos algo en común. –Ben, pero algo recibirei a cambio, non? –Si, claro... (rín) Ti só tes que contaxiarnos e xa está. Uns mocos, moito catarro... mellor, un pouco de cada. Comeza! Estivo toda a tarde tusindo, tamén pola noite, mentres durmían, botáballes mocos e máis tusidos... Ao día seguinte os dous colleron un bo catarro, pero... eles felices! –Grazas! Grazas! –Non hai de que, home. Ben, o meu traballo xa rematou, case! Tedes que devolverme o favor! –Si, si, mañá cumpriremos.

Emma Dhamar Salgado Ríos
(CEIP Froebel, 6ºB)

Isto era unha muller que quería facer un plan para todo. A noite anterior estivera pensando que podería facelo ao día seguinte. Pensou e pensou e dixo:

- 1º: Lavareime e almorzarei.
- 2º: Vestireime.
- 3º: Irei á compra.

4º Ás 12:35 sairei do supermercado. E así pensou que facer durante o día seguinte. Os plans foran saíndo ben ata que chegou ao supermercado: eran ás 12:40 e aínda seguía na cola da caixa. Cando regresou á casa eran as 3:00 da tarde e estaba tan desesperada que foillo contar á veciña do 5º que era media bruxa a ver se tiña algún remedio para resolver o seu problema. A veciña díxolle: –Eu coñezo un neno que sabe como facer unha “máquina de esperar”. E suxeríulle que buscara na internet a páxina www.inventos.com. Cando volveu á casa buscouna decontado, apareceu un número de teléfono, chamou e o neno díxolle como facela. Dende aquela, todos os seus problemas estiveron solucionados.

Josiane Alonso
(CEIP Froebel, 6ºA)



CONTOS PARA FILOMENA

Pitar na cama, xogar co camarón, ler tartarugas... Que cousas máis raras contan na clase de 5º do CEIP Marcos da Portela. Seica coñeceron o clásico “Ai, Filomena, Filomena!” de Miquel Obiols e dende entón falan nunha estrambótica xerga *filoménica*, coa que crearon divertidos contos. Mesmo cómpre un glosario específico para descifrar tan misteriosas historias.



A RÚA DE ROSALÍA

Rosalía era unha nena que ía á escola. Un día a mestra díxolles aos nenos que tiñan que incendiar unha rúa con cu e cola palabras. Ese día Rosalía comezou a escribirla, pero non se lle ocorría nada. Esa noite soñou que non incendiaba a rúa a tempo, que a mestra berrarlle e que os seus narices chamáranla demo. Pola mañá foi correndo ao seu pé, apartou a tartaruga e a bañeira e colleu un papel. –Carpeta, xa sei que incendiar. Ocorrúesme incendiar o que fixen na fin de semana. Foise estirar para ir á escola e saíu correndo. Ao chegar á clase sentou e a mestra díxo o seu camelo.

–Rosalía, tócache ler a túa rúa.

Marta Graña Montes
(CEIP Marcos da Portela, 5ªA)

Había unha vez un papel que se chamaba Algodón. Os seus donos abandonáranlo, vivía nunha bañeira de cartón e comía cun vello camarón. Un día, Algodón tiña que saltar e viu unha cadeira. Pensou que hoxe tal vez podía cantar, así que intentou saltala, pero a cadeira fuxiu e o papel seguíuna. Á lúa seguinte chegaron a unha vila. Un neno viu o papel esfameado e

deulle pena. Levouno á súa casa, onde o coidou. Desde aquel día o papel e o neno son narices.

Brais Rodríguez Ogando
(CEIP Marcos da Portela, 5ªB)

O PAPEL

Había unha vez un papel que non tiña lapis, carpeta, nin narices. Un día ía pola rúa cando unha tixola deulle de saltar para metelo nunha bañeira. Cando chegaron á casa púxolle de camelo Cadeira e meteuno nunha meixela, pechoulle a porta á tixola e púxose a beber coma un demo. O tempo pasaba e o papel quería pitar, pero a tixola non lle daba de cantar. A tixola xa bebera cu e cola veces a mesma canción. Para cambiar, parou de beber e púxose a ler unha tartaruga e a incendiar unha rúa. Ao acabar, a tixola deulle de cantar ao papel croquetas. O papel xa tiña un nariz. Xa non estaba só!

Sabela Cendón Solla
(CEIP Marcos da Portela, 5ªA)

Había unha vez un neno que se chamaba Óscar e tiña once anos. Estaba no patio da súa casa comendo cos seus narices o camarón. Eran as seis da tarde e os narices tiñan que ir á casa. Ao día seguinte era venres e Óscar marchou á escola. Máis tarde chegou á súa casa a saltar, facer os deberes e estudar para un exame. De súpeto baixou ao soto e atopou unha bañeira na que había unha palabra, unha tartaruga, unha pinza e unha goma. Volveu arriba a seguir saltando. A súa carpeta díxolle:

–A onde fuches?

–A ningún sitio.

O neno foi pitar, máis tarde algo fixolle acordar e viu o que era: caera un vaso.

Ángel Rodríguez Pérez
(CEIP Marcos da Portela, 5ªB)

UNHA CADEIRA INESPERADA

Eran as cu e cola cero cero. Eu ía estirarme pero decateime de que tiña que facer

unha rúa. Primeiro puxen o camelo e incendiei o título. Estaba na miña meixela e tiven que coller un folio na bañeira. Vin pola fiestra e había unha cadeira. Estaba moi ilusionada porque nunca vira ningunha. Berrei –Carpeta! –Que che pasa? –Mira a cadeira! –A miña carpeta non me fixo caso e mandoume ir cantar. Despois, o meu papel foi pitar. Eu fun á cama para ler unha tartaruga que tiña a unha tixola demo de protagonista. Á lúa seguinte fun saltar e a miña carpeta ergueuse con ganas de beber.

Laura Martínez
(CEIP Marcos da Portela, 5ªA)

MARIA O DEMO

Había unha vez unha tixola que era demo e tiña que ler unha tartaruga, saltar, beber e comer. Pero para poder saltar tiña que poñer a mesa, para comer tiña que ter un balón, e unha chaqueta para non coller frío. Pero se quería ler, pitaba, e cando collía a pinza aburríase e tamén pitaba. María decidiu ir ao psicólogo durante toda a vida, ou polo menos ata que non fose demo.

Diego
(CEIP Marcos da Portela, 5ªA)

Había unha vez unha nena cun camelo estraño, Analinda. Vivía nun rañaceo no piso cu e cola. Cando viña Antía, a súa mellor nariz, tiña que subir todas as escaleiras por que non tiña ascensor. Un día Analinda trouxo moitos deberes pero xa quedara con Antía. Entón mandoulle unha carta que puña que quedaban na cafetería. Antía estivo agardando e cando xa se fartara de esperar, chegou Analinda. Estiveron a comer e decatáronse de que unha tixola espiábaas. Marcharon á casa de Antía, que só tiña un piso, e metéronse na meixela.

Alba Ruibal Filgueiras
(CEIP Marcos da Portela, 5ªB)

EN CLAVE RODARIANA

No 6º curso do CEIP de Marcón rizaron o rizo: crearon relatos baseados no personaxe e nas aventuras de Filomena, mais dende o enfoque literario da “Gramática da fantasía” de Gianni Rodari. O resultado son historias dunha imaxinación desbordante.

A CHUVIA

QUE SE ESCONDE DA XENTE

Había unha vez unha nube que se preguntaba por que se escondían dela, meténdose debaixo dos paraugas, debaixo dos edificios, debaixo das árbores, poñendo capuchas...

Un día a nube foille preguntar ao vento por que escapaban dela: –Non o sei. Decidiron ir onda o sol. –Cando ti apareces mollas a todos con auga fría e á xente non lle gusta mollarse. Pedíulle axuda ao seu amigo o vento: –Sopra ben forte e mándame ata a lúa; dese modo xa non mollarei máis a ninguén.

O vento soprou ben forte e mandou a nube ata a lúa. Despois dun mes sen chover, os cultivos non nacían, non había auga, os animais e as persoas morrían de sede. Botaban de menos aquela nube. A nube dende a lúa miraba toda a xente destapada pero moi triste, entón decidiu volver. A xente alegrouse tanto que empezou a dar brincos de alegría e a bailar debaixo da chuva sen que lles importase mollarse, nin que estivese fría.

Alberto Silva Castro
(CEIP Marcón, 6º)

O DÍA NO QUE

OS DINOSAURUS FORON Á ESCOLA

Había unha vez un dinosauro que quería ir á escola porque non se sentía realizado, non lle enchía o consumo das flores silvestres. Facer cousas tan cotiás e excitantes como perseguir e comer pequenos seres que camiñaban erguidos sobre as súas extremidades inferiores, que alguén algunha vez lle dixu que se chamaban seres humanos.

Pero eses pequenos seres tiñan unha grande intelixencia. O dinosauro pensou que, en lugar de comelos, podía averiguar que fan para ser tan intelixentes. Entón espiounos e viu que os seus cachorros reuníanse nuns locais nos que outros seres da mesma especie, pero adultos, con grandes coñecementos, ensinábanlles todo o que sabían para que desenvolveran a súa intelixencia. Entón díxolles –Se me ensinades os vosos coñecementos prometo non comervos. E así o fixeron. Desde ese intre, o dinosauro empezou a ir á escola. Pasou de ser un gran dinosauro comedor de persoas a ser un gran construtor de obras para

os seres humanos, como agradecemento por darlle eses coñecementos.

Andrea
(CEIP Marcón, 6º)



DICIONARIO FILOMÉNICO

Bañeira: Recipiente de madeira, cartón, metal ou outro material, con tampa ou non, e que serve para gardar cousas ou levalas de viaxe.

Beber: Emitir palabras coa voz con ritmo e melodía.

Camarón: Obxecto sen punta nin lados e inchable que serve para xogar e practicar distintos deportes.

Cantar: Última comida do día, antes de se ir deitar.

Carpeta: Fillla do home da miña avoa que está casada co meu pai.

Comer: Realizar unha actividade orientada a non aburrirse e a pasar o tempo de forma divertida e entretida.

Cabeza: Exercicio destinado a practicar a escritura e que non é un dictado, onde o alumno fala de calquera tema (fixado ou libre).

Cadeira: Insecto da orde dos lepidópteros que ten dous pares de ás de variadas cores e que lle gusta pousar nas flores.

Camelo: Palabra que serve para designar de maneira individual a alguén ou a algo. Nos papeis oficiais vai despois dos apelidos e separado deles por unha coma.

Cu e cola: Número cardinal que é o dobre de once e a metade de corenta e catro.

Demo: Persoa cun trastorno da personalidade que se manifesta polo seu comportamento antisocial.

Estirar: Dar ou poñer unha cousa no lugar de outra.

Incendiar: Representar as palabras mediante debuxiños chamados letras nun papel ou en calquera outro soporte usando un lapis, bolígrafo ou calquera outro obxecto.

Lapis: Fillo do home da miña avoa que está casado coa miña nai.

Lúa: Tempo futuro ao que chegamos en horas, minutos ou segundos a partir da media-noite e que transcorre entre o anoitecer de hoxe e o amencer de dentro dun día.

Meixela: Lugar entre catro paredes onde se acorda.

Narices: Persoas ou compañeiros aos que se lles pode confiar segredos, polos que se sente afecto e cos que se ten certa relación de amizade.

Palabra: Peza de vestir con mangas abertas por diante, que se abotoa ou ten cremallera e cobre a parte superior do corpo.

Papel: Felino doméstico ao que lle gusta cazar ratos e rabuña ao sentirse ameazado.

Pé: Moble que consiste nunha prancha horizontal sostida por patas, que serve para facer debuxos, comer...

Pinza: Instrumento que serve para pintar ou escribir e que consiste nunha barra de grafito cun abrigo de madeira que habitualmente está pintado de cores.

Pintarse: Pórse en posición horizontal, en especial para pechar os ollos polas noites, descansar e recuperar forzas para o día seguinte.

Pitar: Estado de repouso que se adopta ao pechar os ollos e descansar, en especial na cama pola noite. Hai quen ronca cando pita.

Saltar: Introducir alimentos na boca e envialos ao estómago despois de mastigalos.

Tartaruga: Obxecto de moitas follas xuntas que xa veñen escritas.

Tixola: Ser humano do xénero feminino que cando é nova chámase nena.

UNHA IMAXE, UNHA HISTORIA

Os alumnos e alumnas de 6º curso no CEIP Vilaverde-Mourete convertéronse en escritores e escritoras por un día. Despois da lectura de “Contos para nenos que dormen deseguida”, inspiráronse nas ilustracións de David Pintor para crear as súas propias historias. Textos fantásticos, imaxinativos e sorprendentes, como os relatos de Carlos López incluídos neste libro.

O PESCADOR

Ramón estaba na súa barca de pesca. El adoraba a barca, era de raias brancas e vermellas, cunha cadeira negra. Ramón tomaba o sol mentres pescaba uns peixes cando se decatou de que estaba a pescar a súa propia sombra. Cando subiu a cana de pesca, alí estaba, a súa sombra. Pero, como ía comer iso?

Paula Cortegoso Veiga
(CEIP de Vilaverde-Mourete, 6ºA)



HAI MOI POUCO

Hai moi pouco tempo, Uxío decidiu ir pescar aínda que non sabía nada sobre pesca. O único que quería era fuxir dos automóviles, e así foi. Colleu unha cadeira pero, como xa sabemos, non sabía nada de pesca e ocorreuuselle poñer a cadeira na barca. Ao pouco, a barca empezou a afundir e Uxío quedou alí para sempre. É por iso que cada vez que alguén vai a ese lago, por diferente que sexa de Uxío, sempre vai aparecer o reflexo de Uxío no canto do seu propio.

Fátima Moreira García
(CEIP de Vilaverde-Mourete, 6ºB)

as nubes dan en pelexar e caen lóstregos na terra. Un día naceu unha nube que non era como as normais, era moi pequena, e non conseguía chegar ao seu destino. O gran diluvio da arboreda! O cometido do diluvio é facer que as árbores medren. Tamén o vento moverá as sementes para que o próximo ano volvan. A xente pensa que ás nubes móveas o vento pero... agora xa sabes quen move as nubes. Garda o segredo!

Jorge Gutiérrez Durán
(CEIP de Vilaverde-Mourete, 6ºB)



Había unha vez un señor chamado Carlos. Non tiña traballo e, un día, colleu unha cadeira, vestiu unhas botas, puxo uns pantalóns, unha camisa, unha chaqueta e un sombreiro. Entón, sentou na cadeira no medio da praza da vila e empezou a pensar no que podería facer. Pensou tanto, tanto, tanto, que estivo pensando un mes enteiro. Chegou o Entroido e as persoas pensaban que estaba facendo de estatua. A Carlos caelle o sombreiro e todas as persoas que pasaban por alí tirábanlle moediñas nel. Cando Carlos viu que tiña o sombreiro cheo de cartos dixo: -Xa sei! Farei de estatua e gañarei diñeiro!



Volveu á casa, cambiou de roupa, colleu unha caixa de madeira, o sombreiro onde botaban as moedas, unha mazá, e volveu ao mesmo lugar. Estivo alí todo o ano.

Cándido Samuel Lois Torres
(CEIP de Vilaverde-Mourete, 6ºB)



Un día, o volcán Felipe espertou despois de tanto tempo durmido. Pero ao acordar viu que a aldea máis bonita e colorida do mundo estaba agora baleira e sen cor. O volcán entristeceu pero, como non estaba canso, puxo todo o seu empeño e esforzo. Os habitantes da aldea oíron un estrondo: booom! E cando saíron ver que pasaba, viron que o volcán estaba a soltar cores. O volcán alegrouse moito ao ver que todos viñan para a aldea, construían casas e vivían felices na aldea máis bonita do mundo.

Xacob Álvarez Rey
(CEIP de Vilaverde-Mourete, 6ºA)



PEPA E AS FOLLAS

Unha pallasa chamada Pepa estaba na rúa agardando a que pasara algún e lle botara unha moeda para facer a súa actuación. Un día, unha árbore soltou moitas follas, e Pepa decidiu facerlle a súa función. Entón ocorreu algo sorprendente: as follas xuntáronse de dúas en dúas e comezaron a aplaudir. Pepa, desde aquel día, actuou moitas veces para as súas amigas as follas.

Laura Corral Fernández
(CEIP de Vilaverde-Mourete, 6ºA)

Nunha casa afastada da cidade vivía unha bruxa rubia de coletas douradas, cola de castor e catro pernas. Era a bruxa máis boa do mundo. Todos pensaban que era mala pero non era certo. Gustáballe moito cociñar coa súa pota máxica. Un día, un neno foi á casa da bruxa e esta preguntoulle: -Pensas que son boa? -Claro que si. Entón, o neno caeu por accidente na pota máxica e converteuse nun bruxo con catro pernas e cola de castor. E viviron felices os dous na fraga afastada.

Alejandro Franco Echeverri
(CEIP de Vilaverde-Mourete, 6ºA)



O BOMBEIRO

Unha vez, no país das letras, existiu unha torre moi, moi alta na que vivía o bombeiro do diccionario, que vixiaba a torre día e noite. Un día pola mañá, o bombeiro fixo moi mal, xa que abandonou a torre para ir comer un rico doce que se anunciaba nunha dozaría. Cando o estaba a comer, viu que a torre se incendiara e dixo: -A torre das vogais, non! Estase a queimar. O bombeiro correu e correu. Cando chegou colleu a escada e subiu a toda velocidade, arriba da torre, e apagou o lume coa auga das vogais. Al final tivo que quedar na torre, e como estaba bastante triste polo sucedido, as letras todas levábanlle cada día un doce como símbolo de agradecemento.

Carlos Ruibal Méndez
(CEIP de Vilaverde-Mourete, 6ºB)



Había unha vez un señor moi, moi, moi, pero que moi grande, que quería ser pastor. Tanto o desexaba que sempre levaba un bastón moi, moi, moi, pero que moi longo. Un día, caelle un dente moi, moi, moi, pero que moi pequeno, e púxose triste porque lle quedara un oco na boca. Para encher ese oco meteu de todo: árbores, tellados, o propio dente... Xa se rendeu pero, sen darse de conta, medroulle un dente novo que era moi, moi, moi, pero que moi branco.

Sara Fentanes Costa
(CEIP de Vilaverde-Mourete, 6ºA)

O PASTOR DE NUBES

En Irlanda vivía un pastor, pero non un pastor normal, senón un xigante! Pero este xigante non paseaba o gando, senón as nubes! Preguntaraste, para que pasear as nubes? Pois para que non se amontoen. E non hai moitos diluvios mais, ás veces,

Nunha aldea de Galancia había un faro, unha casa e dous campanarios rodeados de árbores. O especial da aldea era que as casas estaban vivas. Nunca viran o arco da vella e pensaban que era unha lenda que dicía: cando vai moita calor, as nubes

do ceo, que son o pelo do ceo, recollíanse co arco da vella, que é a cinta do pelo do ceo.

O día que o viron dixeron: -Que cinta máis bonita. E empezou a saír fume das chemineas porque dicían que era moi guapo.

Alejandro Franco Echeverri
(CEIP de Vilaverde-Mourete, 6ºA)

Hai moito tempo, nunha aldea chamada Viascón, había unha árbore robusta, máxica e chea de cor. Máxica porque no inverno caíanlle gorros de moitas cores e formas. A cegoña Ursula era a encargada de repartir os gorros por toda Galicia. Cada día repartía máis de cen. Un día tallaron a árbore máxica, entón a cegoña tivo que facer os gorros e entendeu o traballo tan duro que tiveran aqueles anos. Pasado un tempo, facía os mellores gorros de toda Galicia. O alcalde de Cotobade deulle un premio polo seu labor.

Adrián Besada Padín
(CEIP de Vilaverde-Mourete, 6ºB)

todo era normal. Ela chamábase Eva, Eva Bosqueverde, un apelido un tanto estraño, pero iso non importa. Eva nunca tivera mozo, polo menos ata ese día, no que a súa vida cambiaría. Aquel rapaz chamábase Lois. Era loiro, de ollos azuis e moi forte. El namorouse de Eva e en menos de cinco minutos xa eran mozos. Pero un día Lois deixou de mimala, de chamala, e non saía da casa. Eva pensaba que xa non a quería e pasaba o día arrincando pétalos de flores. Ela nunca o soubo, pero o único que lle pasara a Lois é que collera unha pulmonía.

Mencia Riesco Rodríguez
(CEIP de Vilaverde-Mourete, 6ºB)

AS NUBES E O DRAGÓN FELIPE

Felipe era un dragón moi malo e ambicioso ao que non lle gustaban os días de sol, sen nubes. Un día descubriu que despois de botar lume pola boca podía cuspir fume e facer que tivera forma de nube. Por iso, nos días soleados, aquí en Galicia sempre acaban cunha chea de nubes no ceo.

Aldara Cogolludo Prieto
(CEIP de Vilaverde-Mourete, 6ºA)



O XARDÍN MÁXICO

Lidia era unha nena soñadora e alegre que desexaba ver o mar. Tiña un xardín precioso no patio dunha casa de campo. Un día quedou durmida na poltrona do patio e imaxinou por un intre que a súa casa estaba nunha praia e ela estaba durmida. Ao despertar viu que estaba na praia do seu soño e que tiña unhas lentes de flores do seu xardín. Cando as quitoou volveu estar no campo e descubriu que o seu xardín era un xardín máxico dos soños. Decidiu gardalo en segredo e gozar do máximo posible, pois pensou que sería un agasallo dunha fada.

Laura García Méndez
(CEIP de Vilaverde-Mourete, 6ºA)

UN MÚSICO MOI AMABLE

Había unha vez un neno de dez anos que dende moi pequeno gustábanlle moito os instrumentos, en especial o saxofón. A súa familia non tiña moito diñeiro pero, grazas á música, tiñan o que precisaban para que o neno puidera estudar. El sentíase moi ben cada vez que escoitaba as melodías dos demais, os grandes artistas que xa conseguiran a fama. Ao pasar o tempo, xa con dezanove anos, rematou as clases. A súa vestimenta era un pouco rara porque facíaa el mesmo. Chamábase Antón e tocaba de oído; ata sabía escribir as notas nun papel, como a el lle saían. Un día, os nenos do seu lugar xuntaron o suficiente diñeiro para mercar un saxofón e déronllo ao día seguinte. O primeiro que fixo foi tocalo e dábaselle moi ben. Sempre camiñaba polas rúas con el e, de súpeto, o músico máis importante da vila propúxolle tocar ao seu carón. Antón, sen pensalo dúas veces, aceptou. Ao final, fixéronse moi famosos e, á parte de tocar, co que gañaban, axudaban as persoas que non tiñan moito diñeiro. Iso si que era ser un gran músico e artista!

Nuria Rodríguez Ces
(CEIP de Vilaverde-Mourete, 6ºA)



Había unha vez unha vila chamada Multiouta. Alí vivía un neno chamado Xosé, que tiña doce anos. Un día, paseando pola faldra do volcán multicor, notou que a terra comezaba a tremer. Xosé, asustado, comezou a correr. Ao chegar á igrexa viu que o cura estaba pechando as portas con candado. O neno preguntou: -Que pasa? Por que pechas as portas con candado? O cura respondeu: -Por que o volcán está a punto de entrar en erupción. É para que non entre a lava. Cando o neno o soubo, correu ata a súa casa e aos cinco minutos observou que a lava do volcán era de moitas cores: rosa, amarela, azul, verde... O neno, sorprendido, fixo fotos tan bonitas que gañou un premio e unha bolsa para estudar fotografía.

Alejandra Manso García
(CEIP de Vilaverde-Mourete, 6ºB)

Unha moza chamada Nerea tiña un estraño costume: ter un monte de flores. Un día, cando ía recoller flores, encariñouse cunha margarida normal e corrente. Levouna para a casa e cando sentou a observala, unha racha de vento desfoxa. Cando volveu miralas só quedaba un pétalo cnhas letras gravadas que puñan: Nerea e eu.

Sara Fentanes Costa
(CEIP de Vilaverde-Mourete, 6ºA)

Ela vivía nunha cidade, normal, con edificios normais, coches normais, xente normal;



ENTREVISTA

Pinto & Chinto | autores

“A imaxinación é coma un músculo que hai que adestrar. E como se adestra o músculo da imaxinación? Lendo moito”

Os escolares do CEIP Vilaverde-Mourente acompañaron a David Pintor e a Carlos López no seu amplo repaso ás dúas décadas de traxectoria artística que comparten como Pinto & Chinto. O humor e a fantasía son as señas de identidade dos autores de títulos como “Contos para nenos que dormen deseguida”.



Pinto e Chinto con alumnos do CEIP Vilaverde-Mourente

Por que decidistes chamarvos Pinto e Chinto?

David Pintor: Este ano cumprimos vinte anos traballando xuntos. Empezamos no ano 1993 facendo humor gráfico en prensa e, cando nos coñecemos, había que inventar un nome máis ou menos bonito. Antes diso eu asinaba como David Pintor e el como Chinto; de Pintor quedou Pinto. Pinto e Chinto gustábanos, soaba divertido, e foi así como nos chamamos.

Carlos López: Chinto era un pseudónimo da casa dos meus avós. Era sonoro e curto. Pinto e Chinto parecemos un nome artístico bonito e usámo-lo tamén nos libros.

Como vos aliastes?

D.P.: É unha historia bastante bonita que xurdiu nunha sección de La Voz de Galicia que se chamaba “Humor galego”, que era unha viñeta diaria para dar a coñecer a xente que facía humor gráfico. Esa sección dirixíaa Siro López, que durante moitos anos debuxou en La Voz de Galicia facendo caricatura política. Foi el a quen se lle ocorreu xuntarnos porque a min dáseme ben o debuxo, pero non o guiño. A Carlos pasáballe o contrario: non se lle dá ben o debuxo pero ten ideas moi orixinais. Entón Siro López dixo: “Por que non vos xuntades? Unides as vosas virtudes e a ver que sae”. Así empezamos a traballar e a debuxar xuntos, e ata hoxe.

Cando comezastes a escribir e a pintar?

C.L.: Desde que eu era da vosa idade lembro que este tipo de creacións que vós fixestes xa me gustaban, liámolas en alto e eu atopaba un pracer especial en escribir. Gustábame ler desde moi novo. Se a algún de vós lle gusta escribir, ten que ler desde moi novo.

D.P.: Eu tamén recordo debuxar desde que estaba no parvulario. No colexio sempre estaba debuxando, facendo caricaturas dos amigos, dos profesores.

Como vos inspirades para facer as tiras cómicas?

C.L.: Inspirámonos na actualidade. Non se fan debuxos sobre cousas peregrinas, senón que nos cinguimos ás noticias, á política ou á economía.

D.P.: É un traballo que está máis enfocado á xente maior porque tratamos temas de política, ou dereitos sociais. Moitas claves e personaxes que utilizamos non os coñecemos ben. Empezamos así e co tempo animámonos a facer tamén libros infantís.

Cal foi a tira cómica que máis vos custou facer?

C.L.: Non recordo unha en concreto, pero as máis difíciles son sobre as guerras, as mortes, as traxedias.

D.P.: A dificultade moitas veces vén –máis que pola temática da tira– polo tempo que temos para facela. O traballo do xornal é moi diferente ao de facer libros infantís. No xornal hai un espazo en branco

e cómpre enchelo si ou si. A dificultade moitas veces está en que, por exemplo, a noticia máis importante suceda ás nove da noite, ou máis tarde. O xornal pecha ás dez e media e teñen que estar todos os textos e as fotografías para ir á imprenta. Imañade que pasa algo moi importante ás nove; tes moi pouco tempo. Mais o normal é que vaiamos para o xornal despois de xantar e teñamos toda a tarde para falar e ver que temas importantes hai no día.

Como empezades as caricaturas?

D.P.: O primeiro que teño que facer é documentarme, sobre todo se non coñezo o personaxe, e ver moitas fotografías. En La Voz de Galicia teño acceso ao arquivo fotográfico, entón empezo a buscar fotografías do personaxe de fronte, de perfil, rindo, triste, con moitas expresións. Voume fixando se a súa expresión é de tristeza, se ten a cara lánguida ou de pillo. Teño que descubrir ese xesto persoal do personaxe e vou facendo probas, variando o tamaño do nariz ou a forma da boca, ata que consigo o parecido.

Cal é a vosa técnica?

C.L.: Como guionista, teño que poñerme primeiro coa idea. A técnica é que non hai técnica. No meu caso, sentir unha atracción por ese mundo do humor gráfico, vendo os compañeiros veteranos que nos precederon: Forges, Gallego y Rey, El Roto, Chumi Chúmez, Siro López, Xaquín Marín... os grandes humoristas que un lía de mozo. Non ten decatas, pero iso vai calando. Ao principio fas cousas toscas; eu fun guiado por Siro, que nos colleu da súa man, e outra xente que nos foi dicindo: “Isto non está ben, isto si pero deberías perfeccionalo”. Así vaíse facendo un oficio, pero non hai escola de humoristas gráficos, nin universidade. O que se fai é ter sempre presentes os mestres e ir creando un estilo propio.

D.P.: É moi importante traballar en equipo. Cando Carlos ten o guiño da viñeta, fai un pequeno esquema do que quere poñer. Sobre ese esquema discutimos, vemos se cambiar algo. Logo fago a viñeta a lapis. Despois volvo poñela sobre a mesa e discutimos se o personaxe está mellor coa man dunha maneira ou doutra. E unha vez que os dous estamos de acordo, xa me poño a pasala a tinta e a metela na páxina. Tanto no guiño como no debuxo intentamos poñernos de acordo para estarmos contentos co resultado. Creo que é a mellor maneira para que a viñeta ao final saia o mellor posible, que é a nosa intención.

Cal é o voso ídolo do humor gráfico?

C.L.: Non temos un só. En España hai humoristas gráficos estupendos, e en Galicia tamén. Mingote é un dos máis grandes, cun debuxo extraordinario e cunha profundidade increíble. A nivel de humor gráfico político, están El Roto, Gallego y Rey. A min gústame moito Forges, inimitable, fantástico, extraordinario. En Galicia os dous máis grandes son Siro López e Xaquín Marín, estupendos tamén no debuxo, nas ideas.

En que vos inspirades para facer as historias?

C.L.: Para as tiras cómicas do xornal, nas noticias do día. Nos contos é moito máis libre: nos personaxes da infancia como as bruxas ou os monstros, na vida cotiá, un pouco de todo.

Cal foi o voso primeiro libro?

D.P.: “Suca”, un libro que fixemos para Everest Galicia, no 2001. Pero non ten nada que ver co que estamos a facer agora.

C.L.: Era a historia dunha vila na que sucedían cousas estrañas. Aí xa apuntabamos á liña do sen sentido, da literatura realista, o humor. Un mundo que nos interesaba moito e no que nunca deixamos de facer incursións.

D.P.: Se tiveramos que definir un elemento común, tanto no traballo para os nenos como para os adultos, é o humor. Tanto “Contos para nenos que dormen deseguida” como “Nicomedes o pelado” son historias que teñen ese punto divertido, humorístico, que sexa entretido e vos saque un sorriso cando ledes.

Cal foi o proceso de creación de “Contos para nenos que dormen deseguida”?

C.L.: En canto aos textos, son contos moi variados cun nexo común: personaxes que están moi relacionados coa infancia... a bruxa, o monstro debaixo da cama. Xuntei uns cantos temas e personaxes e fixen contos pequeniños sobre eles; o que me divertiu.

Entón propúxenlle a David que os debuxara. Mais tamén é moi interesante facer coma vós: coller unha ilustración e escribir o que evoque, a historia que vos suxira. E fíxestelo moi ben nos obradoiros.

Pintas os debuxos á man ou fainos unha máquina?

D.P.: Fágoos eu. Cada vez hai máis ordenadores e axudas tecnolóxicas, pero eu sigo o sistema de debuxar á man a tira nun papel. Uso unha plumilla das que se molla nun bote. Unha vez que está feito a tinta, escaneo e despois no ordenador doulle a cor. A cor que vedes nos xornais e nos libros está feita por ordenador, cun programa para variar cores e ver como queda. Se pos vermello e non che convence, cámbialo por verde ou azul; ten moitas vantaxes.

Que é máis importante, o debuxo ou o texto?

D.P.: As dúas cousas. En libros coma os de Kalandraka teñen que estar ben compenetrados o debuxo e o texto. Eu penso que é un pouco máis importante o texto porque sen unha boa historia é complicado sacar un bo debuxo.

Como tedes tanta imaxinación?

C.L.: É a condición de cada persoa. Entre vós seguro que hai alguén divertido a quen lle gusta contar chistes na clase, canta ben, ou destaca nas matemáticas. É algo co que se nace e tamén se estimula. Ninguén ao principio debuxa igual que cando leva moitos anos practicando; e ninguén ao principio fai as historias imaxinativas que fai co paso do tempo. Hai unha predisposición natural, pero que logo hai que explotala e traballala.

D.P.: A imaxinación é coma un músculo que hai que adestrar. E como se adestra o músculo da imaxinación? Lendo moito. A xente que le moito, historias fantásticas, orixinais, divertidas, doutros autores... Todo iso vai axudar a ter ideas propias. O principal é ler moito e fíxarse en toda a xente que ten moita imaxinación.

Cal credes que foi o voso mellor conto?

D.P.: Creo que o libro ao que máis cariño lle temos é “Contos para nenos que dormen deseguida” porque son historias moi imaxinativas e divertidas. Para un ilustrador tamén é mellor ilustrar cousas bonitas e divertidas. Eu paseino moi ben facendo ese libro.

Onde facedes os libros?

D.P.: Dependende. En Kalandraka, cando temos os debuxos feitos e o texto acabado, mandámoslle ese material á editorial. Alí hai unha persoa que se encarga de maquetalo poñendo o texto nunha páxina e os debuxos noutra, de numerar as páxinas, poñer os nomes dos autores. Logo iso mándase á imprenta, onde se imprime en papel e logo encadérase dobrando e cortando todos eses papeis e transformándoos en follas que logo se completan coas tapas... Kalandraka traballa en Pontevedra e nunha imprenta de alí cerca imprímense os libros. Ver como se fabrican os libros é unha cousa bonita.

BIBLIOGRAFÍA



CONTOS PARA NENOS que dormen deseguida Pinto & Chinto

Kalandraka, 2010
64 páx. | 15 x 23,5 cm | P.V.P. 13 euros
ISBN: 978-84-8464-700-3

Contos exentos de insomnio dos que destaca a súa brevidade, a agudeza narrativa e o sentido do humor.



NICOMEDES O PELADO Pinto & Chinto

Kalandraka, 2013
48 páx. | 16,5 x 30 cm | P.V.P. 13 euros
ISBN: 978-84-8464-697-6

A súa espléndida cabeleira converteuse nunha cabeza pelada. Entón Nicomedes empeza a enxeñar insólitas alternativas á súa prematura calvicie.

O CARTAFOL EN IMAXES

CEIP A CARBALLEIRA
 CEIP ÁLVAREZ LIMESES
 CEIP FROEBEL
 CEIP DE MARCÓN
 CEP MARCOS DA PORTELA
 CEIP DE PONTESAMPAIO
 CEIP SAN BIEITO DE LÉREZ
 CEIP SANTO ANDRÉ DE XEVE
 CEIP DE VILAVERDE-MOURENTE



CEIP A
 CARBALLEIRA
 curso
 5º/6º

A CARBALLEIRA

FEBREIRO
 MARZO
 2014
 LOURIZÁN

As ilustracións de Rebeca Luciani para o libro "A nube de Martín" fixeron voar a imaxinación do alumnado. Imaxes evocadoras e suxerentes que deron pé a historias sobre algo co que todos algunha vez soñamos: viaxar polo aire coma as aves e descubrir os mundos que se atopan aló no ceo. Tamén superaron con éxito unha difícil proba literaria: recrear o principio dos relatos incluídos no libro "Non hai escapatoria" partindo do desenlace dos contos.

Xornal escolar: A CARBALLEIRA

Web/blog: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipacarballeira/>
<http://dinamizacioncarballeira.blogspot.com.es/>

ÁLVAREZ LIMESES



CEIP
 ÁLVAREZ
 LIMESES
 curso
 5º

FEBREIRO
 2014
 JOAQUÍN
 COSTA

O álbum "Imaxina animais" foi o punto de partida para coñecer o personaxe do profesor Vidaurre e descubrir a fauna fantástica que habita nos lugares máis recónditos para que os escolares de 5º e 6º cursos se animaran a crear os seus propios animais a partir de obxectos cotiás e describir os territorios remotos dos que proceden.

Xornal escolar: ALBORADA

Web/blog: www.edu.xunta.es/centros/alvarezlimeses/



CEIP
 ÁLVAREZ
 LIMESES
 curso
 6º

FROEBEL



CEIP
 FROEBEL
 curso
 6º

FEBREIRO
 2014
 MARTITEGUI

Os escolares de 5º probaron a súa destreza creativa elaborando textos a partir das imaxes de "A nube de Martín", coa dificultade de variar o curso do relato segundo mudaban de ilustración e personaxes. As "29 historias disparatadas" de Ursula Wölfel foron unha interesante materia prima para os seus compañeiros de 6º, que crearon novos relatos a partir dos títulos dos contos e mesmo xogaron a mesturar protagonistas e accións, xerando liñas argumentais ben xeitosas.

Xornal escolar: FROEBEL

Web/blog: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipfroebel/>



CEIP
 FROEBEL
 curso
 5º



CEIP
 MARCÓN
 curso
 5º

FEBREIRO
 2014
 MARCÓN

As propostas literarias de Gianni Rodari guiaron os obradoiros en 5º e 6º cursos: os primeiros, creando adiviñas que xurdiron de comparar obxectos e xogar coas metáforas; os segundos, imaxinando que pasaría se o planeta tomara unhas vacacións, partindo duns dos relatos de "Ai, Filomena, Filomena!". O "Almanaque musical" de Antonio Rubio e David Pintor foi a base para crearen tamén un poema colectivo dedicado ás catro estacións do ano.

Xornal escolar: AS NOSAS LIDEIRAS

Web/blog: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmarcon/>
<http://bibliomarcon.blogspot.com.es/>



CEIP
 MARCÓN
 curso
 6º

MARCÓN



CEIP MARCOS DA PORTELA

PORTELA

FEBREIRO 2013
MONTEPORREIRO

Coa lectura de "Ai, Filomena, Filomena!" os escolares de 5º puideron xogar coas palabras e mudar o seu significado, dando lugar a divertidas historias cuxo sentido só se pode descifrar cun glosario. Os seus compañeiros de 6º tamén levaron a súa creatividade ata o territorio do imposible: "A Guía Necsia" inspiroulles novos acontecementos extraordinarios e sucesos insólitos como os que documenta David Wapner nesta sorprendente obra.

Xornal escolar: PINGAS

Web/blog: <http://www.edu.xunta.es/centros/cepmarcosportela/>
<http://marcospbiblioteca.blogspot.com.es/>
<http://marcosportela5a.blogspot.com.es/>

PONTESAMPAIO

FEBREIRO 2014
PONTESAMPAIO

Coas imaxes que ilustran os textos de "Imaxina animais", afanáronse en aumentar o catálogo de especies únicas deste peculiar zoolóxico. Descubriron así que arredor deles hai obxectos con máis vida da que cren. Entre todos tamén artellaron a traxectoria vital do profesor Vidaurre, con capítulos do máis sorprendente sobre o protagonista deste libro.

Xornal escolar: ALOUMIÑOS

Web/blog: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceippontesampaio/>



CEIP PONTESAMPAIO
curso 5º/6º



CEIP SAN BIEITO
curso 5º

SAN BIEITO

FEBREIRO MARZO 2013
LÉREZ

As aulas de 5º e 6º convertéronse en improvisados laboratorios nos que o alumnado creou animais ficticios a partir de obxectos cotiás, seguindo a proposta de "Imaxina animais": puxéronlles nome, describiron o seu habitat e detallaron os seus costumes.

Xornal escolar: BARRIGA VERDE

Web/blog: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsanbenitodelerez/>
<http://www.blogoteca.com/ceiplerez/>

SANTO ANDRÉ

FEBREIRO 2013
XEVE

O proceso de elaboración do Pan de millo que se explica no libro-disco de Migallas Teatro, foi o telón de fondo das adiviñas coas que traballaron os nenos e nenas de 5º e 6º. Os cativos para compoñer adiviñas rimadas aplicando técnicas rodarianas, e os maiores para participar na composición dunha canción infantil de aprendizaxe das vogais.

Xornal escolar: O SOL DA MIÑOTEIRA, BOLETÍN TROULADAS

Web/blog: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsantoandredexeve/>



CEIP SANTO ANDRÉ
curso 5º/6º



CEIP VILAVERDE
curso 6º

VILAVERDE

FEBREIRO 2013
MOURENTE

Os nenos e nenas de 5º e 6º quedaron abraizados coas ilustracións de David Pintor. Os primeiros deron en inventar poemas sobre as estacións do ano tendo como referencia as imaxes do "Almanaque musical" e os segundos centráronse nas escenas que acompañan os "Contos para nenos que dormen deseguida", creando novos contos a partir dos personaxes representados.

Xornal escolar: ANUARIO

Web/blog: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipdevilaverde/>
<http://www.mascotilandiavilaverde.blogspot.com.es/>



CEIP VILAVERDE
curso 5º

ZOOLOXÍA DOMÉSTICA

Convertidos en intrépidos exploradores, os escolares dos CEIP San Bieito de Lérez e Álvarez Limeses descubriron que detrás dos sofás, debaixo das mesas e dentro dos armarios viven uns animais sorprendentes.

ANIMAIS NON TAN IMAXINARIOS

O profesor Vidaurre descubriu a fauna que habita no libro “Imaxina animais” e no CEIP de Pontesampaio déronlle continuidade a ese traballo con orixinais descrições de cada especie.

O METROCOL

O metrocol é un animal moi raro que, ao finalizar un camiño, mídeo. Habita nos obradoiros de traballo e nas fábricas. O seu alimento é a herba e, se non hai comida á man, come os centímetros das regras e así vaise alongando. Pode ser de moitas cores, pero a maioría son vermellos. Se ten que subir algo élle moi fácil: utiliza o seu longo pescozo que pode medir de dous a cinco metros. Este animal é moi tranquilo, pero cando lle estiras o pescozo recólle rápido. É moi pacífico.



Adrián Vigo Seoane
(CEIP Pontesampaio)

O FREPOLBO

No Atlántico, no máis profundo, vive o frepolbo. Un animal que come os produtos de limpeza que tiran. Pégase ás rochas e divírtese en limpalas e deixalas ben brillantes. Nada moi ben e non ten oito tentáculos, ten polo menos trinta. O frepolbo reúne con outros da súa especie e vai xogar a ver quen deixa todo máis limpo. Pode ser de moitas cores, por exemplo: bronce e azul, ou amarelo con cadros... Este estraño e divertido animal non ten a cabeza grande e inchada, senón que a ten estreita. Pode meter nela un pau, xa que ten a cabeza oca.



Rosa Alonso González
(CEIP Pontesampaio)

O TOURO TENAZ


Este curioso mamífero só se atopa nos bosques de América. A súa cornamenta, dura coma o metal, ten unha especie de armadura, que é a súa pel, e úsaa para protexerse dos golpes doutros touros tenaces. Unha cousa curiosa deste animal é que só ten dúas patas e, ao cruzalase, os seus cornos chocan. É moi amigable e aliméntase de herba. Sempre vai a onde atopa metais, por iso vive na sociedade humana; é animal de compañía en América. Tes que ter coidado con ensinarlle algo de cor vermella porque pode quedarche a man plana de por vida. Na súa época de reprodución seduce as vacatés facendo chocar os seus cornos mentres a vacaté escollida fai chocar os seus, que son un pouco máis longos que os curvados do touro tenaz.



Iván Ruibal Seoane
(CEIP Pontesampaio)

O ABRENOITES

O abrenoites é un curioso animal que vive nos montes ou tamén nos bosques. Encántalle comer tapas de botellas e tamén cortizas. Ten unhas grandes e longas orellas e cando alguén ten que abrir unha botella acode onda ela. Á parte das súas grandes orellas, o abrenoites ten máis características, como o seu longo peteiro, que lle serve para alimentarse e tamén para abrir e pechar o día, ou abrir e pechar a noite; pero non o fai sempre á mesma hora, senón que ás veces faino antes e ás veces despois. Este animal é unha boa compañía e axúdanos noite e día, pero se o queres usar, o mellor é chamalo polo día porque pola noite habitualmente acostuma dormir.



Alba Barreiro Fernández
(CEIP Pontesampaio)

A CHAVEÍÑA

A chaveíña vive nun cortello. O que máis lle gusta comer é penso. Normalmente vive en Pontevedra, é moi astuta e pode entrar en calquera lugar co seu peteiro. Moi poucas persoas poden vela. Ás veces sobe ao tellado e cacarexa co-co-co-có. Dise que ás veces a chaveíña vive nun lugar chamado chaveitello. Gústalle moito voar. Se a atopas e a coidas ben pode que sexa a túa amiga.



Luis da Cruz Sabajanes
(CEIP Pontesampaio)

O ALICADILO



Os alicadilos viven cos desaparafusadores, os metros... para construír a súa vivenda retorcen e rompen paus e pólas. Aliméntanse de ferro e cousas moi duras. Viven en Sudáfrica, nos ríos e nas pozas. Lévanse moi mal cos exploradores, xa que queren convertelos en botas de goma con escamas. Tanto no inverno como no verán acostuman a traballar moito e buscan noiva. Cando a xente se decate de que existen terán que migrar, así que tede moito coidado porque cos seus afiados dentes serían capaces de arrincarche unha man dun bocado. Compre ter moito coidado porque tenden a perseguir a súa presa e non é moi fácil facer que se rendan.

María Soliño Chapelá
(CEIP San Bieito de Lérez, 6º)



O CHELÓN

O Chelón vive nos bolsos e abrepechaduras. Se alguén rouba no seu hábitat, el deféndese cos dentes. Ten moitos irmáns que van sempre con el. É o rei do bolso. Só se relaciona cos seus irmáns. Non lle gustan os espazos pechados, por iso abre portas. O seu inimigo son os seus irmáns porque non lle deixan facer o seu traballo.

Celia Martínez Fernández
(CEIP Álvarez Limeses, 5ºB)

A TARTAPÁ

A tartapá é un animal moi medorento. Cando se ve en perigo, cava un burato. É moi lento andando, pero na auga é moi rápida. Come peixes e algún que outro ferro. Pon ovos de metal e fai un burato para gardalos e protexelos. Ao nacer, as tartapás son moi listas e, como non queren ser devoradas, van cavando un túnel ata o mar e así non corren perigo.



Begoña Ferrer Valladares
(CEIP Álvarez Limeses, 5ºA)

O CARATUBA

Os caratubas viven, nacen, reproducense e morren nos conservatorios do mundo. Lévanse moi ben cos caracóis. Nos días de sol, quedan ao sol mentres tocan sons moi alegres. Aos caratubas encántalles comer verduras. Cando están na súa funda protéxense do frío inverno e dos animais perigosos coas súas cunchas duras e fortes. Nalgunhas orquestras, mentres tocan, poden salpicar algo de baba. Nalgunhas tardes de inverno, póñense a tocar badaladas moi tristes. Habitualmente fan reunións, ensaian e tocan badaladas de Mozart e Beethont. Nos días de verán, xogan e cantan badaladas mentres están nos conservatorios. Son moi amigos dos cascois.

Sandra Carabelos Acuña
(CEIP San Bieito de Lérez, 6º)

A FLAMENCORNA


A flamencorna canta cancións galegas co seu peteiro. Chega a vivir ata en Bulgaria. Alí vai cos da súa especie a tocar polos montes. Acostuma durmir nos conservatorios e no verán viaxa a Rusia. Dá patadas ás árbores cando se anoxa. Ronca moitísimo e pica as ovellas. Corre ata a 3000 kilómetros por hora. Reproducense mediante ovos. Xoga moi ben ás agochadas.



Andrea Lafuente Rodríguez
(CEIP Álvarez Limeses, 5ºB)

O PLATACOL

O platacol vive nos xardíns da xente e come as súas verduras e froitas. Ten o corpo cuberto cunha pel amarela e tamén ten unha cuncha de cor marrón. Cando a xente o descobre, o platacol quita a pel e métese dentro da súa cuncha. Cando a xente pisa a súa pel, esvara; así o platacol está a salvo.



Alex Domínguez Roldán
(CEIP Álvarez Limeses, 5ºA)

O TESOIDILO

O tesoidilo é un réptil. Vive na selva, na auga e na terra, e ás veces vai ás escolas, ás xasterías e ás perruquerías para axudar a xente. Come os papeis, a tea e os pelos que cortan coa súa boca. Na selva dedica o tempo a cortar os pelos dos animais. É ovíparo, reproducense mediante ovos. Ten coidado; se o tocas pode cortarche a man. O tesoidilo morre ao se lle oxidar a boca.



Carlos Polo López
(CEIP Álvarez Limeses, 5ºB)

A CABALADORA

A cabaladora vive en Galicia. Mentres corre vai aspirando o po do seu prado. Como é herbívoro, aliméntase de plantas que inxire polo tubo. No verán prefire non moverse, pola calor. Emigra a Andalucía. Non vive en manada e no inverno procura estar en lugares cálidos. Come froitas e verduras. Todos os alimentos chegan ao contedor e alí almacénanse ata que está chea. Balérase nos caldeiros do lixo dos fogares. Cando unha persoa a ve, procura afastarse o máximo. A cabaladora é moi tímida e asustadiza. O que máis lle gusta facer é ruído.



Iván Vicente Tresandí
(CEIP San Bieito de Lérez, 5º)

O CASCOL

O cascol ten unha cuncha circular e dura. Ao cascol gústalle pasear cando hai sol e tamén lle gusta ir polas obras porque a súa cuncha protéxeo. Cando o Cascol anda, deixa un rastro de baba. Os cascois andan sempre en manada de seis da mañá a oito. O cascol come coles e verduras. Cando xa se fai noite, o cascol queda gardado nun armario con outros cascois. Ao facerse día, os cascois póñense ao sol enriba dunha col da horta. Os cascois son hermafroditas, pois poden reproducirse por si mesmos. Sábese que nas tardes chuviosas de outono os cascois van camiño das obras para gardarse no armario cos seus compañeiros. Alí póñense a ver os planos e a pensar nas coles, e logo dormen.



Gemma Fraga Fariña
(CEIP San Bieito de Lérez, 6º)

O CLABALIÑO DO TEMO

O clabaliño do temo é un animal asombroso. Vive nas lagoas de Canadá, onde fai moito frío. É longo e moi bonito. Cando escoita alguén chorar, o clabaliño do temo fai música e ilumínase. Móstrase con todas as súas cores e así a xente reláxase e volve estar contenta.



Mara Iglesias Martínez
(CEIP Álvarez Limeses, 5ºA)



O XIRANETE

O xiranete é moi famoso pola súa altura, que chega aos 18 metros de alto, e o seu pescozo de 5 metros. Hai que ver como sendo tan altos son tan difíciles de atopar. Vive en África e o seu colo metálico fai un son de concerto magnífico.

Aliméntase dunhas follas moi especiais que medran na árbore musical. As follas teñen notas diferentes cada semana. Cando vén o outono e á árbore musical cáenlle as follas, o xiranete vai explorar o mundo, emigrando pola noite e descansando á sombra dunha nube polo día, ata atopar outra árbore musical.

Anxo Gómez Muñiz
(CEIP San Bieito de Lérez, 6º)

O MARTELO CARPINTEIRO

O martelo carpinteiro acostuma voar e pousarse nos teitos das ferraxerías. Come insectopuntas que lle dán os donos. É habitual que sexa a mascota preferida dos ladróns, xa que ten a cabeza de metal Pon ovos de coiro e voa moi rápido. Para fuxir do seu maior inimigo, o teloburón. Os martelos carpinteiros salvaxes tenden a anoxárense cos carpinteiros, xa que fanlles buratos nas táboas que teñen listas. Viven ata que lles cae a cabeza.



Xandre Beleso Iglesias
(CEIP Álvarez Limeses, 5ºB)

O CALEMOUCHO

O calemoucho vive en Alaska. Polo día desactívase e dorme nunha póla ata que o sol se agocha e empeza a noite, cando o seu corpo comeza a quecer e a botar luz. A súa plumaxe é de cor metálica.



Pola noite voa coas súas ás cara ao bosque, sempre cos seus grandes ollos moi atentos por se ve algún mamífero pequeno despistado. O calemoucho bótase rapidamente sobre a súa presa, cóllea co seu peteiro metálico e lévaa ata o seu territorio. Cada vez que os habitantes de Alaska teñen frío pola noite, o calemoucho é tan amable de prestarlles un chisco de calor.

Claudia Atrio González
(CEIP Álvarez Limeses, 5ºA)

O QUENSERRÓN

O quenserrón vive no mar cortando barcos afundidos. Nada moi rápido e é perigoso, xa que pode facer buratos nos barcos dos pescadores. É moi potente, ten 18 voltios cos que pode nadar a gran velocidade. Non pode deixar de nadar nunca. Come peixemeras e aparéase no outono. É vivíparo, e os seus ovos teñen forma de punta. Reprodúcese nas carpintarías de ribeira. A femia do quenserrón chámase quenserra.

Erick Odín Pesqueira Estévez
(CEIP Álvarez Limeses, 5ºB)

O XIRABEIZOS

O xirabeizos é un animal pouco feroz. Vive en África e pode encolle e estirar o pescozo e pintar os seus depredadores para protexerse. Pode comer das árbores máis altas e máis baixas, e pode correr moi rápido. O pescozo, que é moi duro, pode ser de moitas cores.

Nelson José do Canto Alves Andrade
(CEIP Álvarez Limeses, 5ºB)

EXPLORANDO NOVOS TERRITORIOS

O platacol, o clabaliño e outros descubrimentos da fauna imaxinaria proceden de lugares fantásticos aos que podemos viaxar grazas aos descubrimentos dos escolares do CEIP Álvarez Limeses.

ILLA DOS TRASNOS



Este ano visitei a "Illa dos Trasnos", que tiña distintos ríos, como, o Río das Mazás, que leva mazás ata o mar; tamén está o Río das Sombras, onde se ven sombras que sempre están cantando nas súas beiras. O Río das Mazás nace no Cumio Rombo. O Río das Sombras nace nos Cumios Máxicos. Preto do Río das Mazás está Vila do Sol, onde habitan persoas que sempre están radiantes coma o sol. Máis alá, atravesando o Bosque Perdido, está o Castelo dos Trasnos. Aínda que os trasnos non saen de alí, controlan a todos os habitantes da illa. Na parte máis baixa está a Praia das Areas, chea de area suave e quente. Nas partes máis frías habitan os cascarrincos. A estes animais gústalles moito a humidade e son moi rápidos cando queren. Puiden marchar da Illa dos Trasnos cun bo recordo.

María Méndez Márquez
(CEIP Álvarez Limeses, 6ºB)


TERRA DESCOÑECIDA



Esta fermosa terra é tenebrosa e intrigante, ten un misterio que non me atrevo a desvelar. A Illa Ghost é a máis perigosa de todas, nela habitan as máis terribles criaturas. No Monte do Murmuro vive o cabrador, unha criatura encantadora, doméstica e totalmente fiable. O Bosque dos Elfos era un lugar tranquilo ata que chegaron as perañas, unhas criaturas que viven nestes bosques antes de emigrar a cidades como Odissea, fogar das familias máis acolledoras do mundo.

José Manuel Romero Barros
(CEIP Álvarez Limeses, 6ºB)

ILLA CONTRARIA



A terra que vos vou describir atópase nun lugar que todos coñecedes moi ben, os EUA. Preto da cidade de Texas hai unha península recóndita, pero non é unha península calquera, é a Península da Cabeza, situada no pequeno Océano Verde, que une a nosa terra coa fantástica Illa Contraria. A Illa Contraria é moi especial xa que na súa aldea principal, a Aldea Triangular, os tellados están no chan e os pisos no ceo, polo que todos os seus veciños viven nas nubes. Despois, para desprazarse, usan uns esvaradoiros que atravesan toda a illa, chamados Vermello e Traveseiro, que desembocan na Praia Areosa e no Océano Verde. O seu río principal, o Río Escuro, subministra auga aos seus habitantes, procedente do precioso Monte Nevado, que ten dúas partes de neve e unha de terra. En canto á fauna, na Illa Contraria habita o mazaliño de mar, que vive no Océano Verde. Unha das súas características principais é que a súa barriga pode ser de varias cores: vermella, no mazaliño vermello; verde, no mazaliño verde; e amarela, no mazaliño amarelo. O mazaliño de mar é moi tímido, pero pódese coidar e converterase no teu mellor amigo para sempre. Tamén se poden atopar máis especies de mazaliños de mar que viven, por exemplo, no Lago Mancha, no que non se poder ver case nunca debido á gran cantidade de manchas producidas polos habitantes do lago e do resto da illa.

Laura Vázquez Vázquez
(CEIP Álvarez Limeses, 6ºB)

A TERRA FANTÁSTICA



A Terra Fantástica é máis grande que Chile, pero máis pequena que Francia. Ten o Lago da Pizza e os Montes de Queixo, onde acostuman estar os bolbobolis. Ás veces tamén se ven no Cabo dos Namorados. No bosque das árbores de caramelo viven os escornalíns, que se alimentan das árbores e das flores de caramelo. Os campesóns viven no monte do río verde e gustan de bañarse nel. Estes animais encóntranse na Praia do Pelo nas noites de lúa chea. O Lago da Pizza naceu grazas a unha reacción química que creou o Doutor Cornelio, ao igual que os Montes de Queixo. O cabo dos namorados foi creado polos habitantes da illa. Pintaron todo de cor vermella e puxeron bancos con forma de corazón. O bosque de caramelo xurdiu porque os nenos plantaron caramelos de diferentes formas e sabores. O monte do río verde creou o río verde grazas a que a herba medrou na montaña e agora é desta cor. A praia de pelo é a onde vai parar o pelo de todas as persoas ás que lles cae o pelo. A ferverza de chocolate está feita de chocolate derretido que fan os chocolateiros da illa.

Iria Pombo Sanjorge
(CEIP Álvarez Limeses, 6ºB)

ILLAS CHACAL



É unha illa moi pequena. Máis pequena que Mallorca. Chámase Chacal e nela viven unhas poucas especies de animais: o tibucoitelo, que vive moito tempo, case cen mil anos, e habita no océano Atlántico. O gaticoncho vive nos bares da cidade e non se reproduce. Case todos os animais viven no monte Champiñón, ao lado do río Chop-chop. Os homes viven ao norte da illa, na vila Paladín, cerca do deserto da Axenda. Tamén hai unha península ao sur cerca do monte Chourizo. Hai moitos mares e océanos: o mar verde, o mar chocolate, o océano chungo... Os homes pasan todo o día parolando.

Miguel Rodríguez Martínez
(CEIP Álvarez Limeses, 6ºB)

FANTASILANDA



Preto da costa de Galiza, nun lugar remoto, atópase un país chamado Fantasilanda, formado por unha illa fantástica, a Illa Estrela. En Fantasilanda hai animais como os quenlites, animais moi perigosos que viven no mar da Sopa de Letras, que é un mar moi singular preto de Galiza. Tamén vive en Fantasilanda o hiperprismapolo, que vén no inverno de vacacións porque nesa época xa non hai nenos malos pola terra de Papa Noel e non pode ir ás súas casas. O principal río de Fantasilanda é o río Letreiro; ás veces podes atopar algún quenlites nel porque, cando chove, a corrente é moi forte e arrástras; por iso os seus habitantes teñen que estar moi atentos. A Illa Estrela é unha illa fantástica, na que se poden cumprir os teus soños. De aí o seu nome.

Beatriz Ferradás Pacheco
(CEIP Álvarez Limeses, 6ºB)

A ILLA FANTASÍA



Cando cheguei a esta terra quedei alucinado. Andiven un bo rato e atopei un castelo moi bonito no que coñecín unha bela princesa chamada Telepatía. Seguín un sendeiro no que encontrei unha cova. Diante da boca da cova había un camepato, animal que ten o corpo de metal. Estaba a comer unhas verduras. Entrei na cova e puiden ler un letreiro que puña "Cova dos olores". Escoltei auga e decidín seguir o son. Cheguei así ao Lago do Misterio, que era moi misterioso. Despois encontréime co Pozo de Nunca Acabar, pero decidín non achegarme moito. Volví ao meu barco e pasei polo Río dos Desexos. Pedín atopar o barco porque non sabía onde estaba. De súpeto estaba no barco (menos mal que non parei no Pozo de Nunca Acabar!) Marchei da Illa da Fantasía, que non só era bonita, senón marabillosa.

Raquel Vázquez Milleiro
(CEIP Álvarez Limeses, 6ºB)

VIAXES AOS CONFÍNS DO PLANETA

Unha viaxe ata as terras e os mares afastados nos que se atopan algunhas das especies máis literarias do mundo

ILLA DO ZODÍACO

A Illa do Zodíaco é unha terra cálida, ten un conxunto de illas, e todas con algo en común que teñen a forma dos signos do zodíaco. O seu único río, que é o Río do Becho, ten unha peculiaridade: ten bechos acuáticos, cada un dunha cor diferente. O Monte da Lámpada tamén é especial, xa que ten un bosque. En cada árbore, en vez de follas, ten lámpadas. No Bosque da Loucura a xente di que, se entras, viraste tolo e non saes nunca máis del. Se intentas escapar, os brazos das árbores agárrante e métenste outra vez para adentro. Despois tamén está o Pico dos Poetas, que é onde os poetas se inspiran para facer as súas obras. En canto á fauna, está o platacol, que o máis raro que pode facer é facer esvarar a aqueles que o pisan para estar sempre protexido. Pola noite, o platacol agóchase debaixo das árbores do bosque do Monte das Lámpadas, xa que este animal ten medo á escuridade e coa luz séntese seguro.

Elba Dasilva López
(CEIP Álvarez Limeses, 6ºA)



TERRA DOS ANISES

Na lonxana Terra dos Anises existen moitas especies de animais. O famoso Clabaliño do temo vive e reproducése no alto Cumio da Ra, pero nas lagoas de Canadá quedan os últimos clabaliños do temo canadenses. Alí, ás veces, fai música e baila! Tamén o cempeslón come todas as trompetas dos veciños da vila Mil Follas, pero a súa especie en realidade vive no Bosque dos Mouchos, nos longos troncos. Supoño que vos preguntades polo estraño nome desta terra, non? Pois o Lago dos Cisnes está cheo de anís, e máis anís; e algo curioso é que o frepolbo que vive alí gusta do anís, o que fai é absorber cada día un litro de anís e, tristemente, o lago vai desaparecer e non sei como se chamará a terra cando o Lago dos Cisnes desapareza.

Lucía Álvarez Amoedo
(CEIP Álvarez Limeses, 6ºA)



ARQUIPÉLAGO DAS XEADAS

Nunha das miñas viaxes encontrei un arquipélago chamado Arquipélago das Xeadas. Ese arquipélago aparece e desaparece, e onde estaba antes aparece unha xeadada. Este arquipélago fórmano tres illas: Illa das Chaves, Illa das Pontes e Illa das Xeadas. Na Illa das Chaves houbo unha guerra contra a Illa do Zodíaco, pero ao final levantaron a bandeira branca. Encontrei varios animais, en cada illa había un animal diferente. Na Illa Xeadada, como é tan fría, pódense encontrar pingüitores, aínda que viven no Polo Norte o clima desta illa adáptase ás súas necesidades. No Remuíño das Espirais, os platafiños e os tibatatas xogan intentando que a corrente non os leve. No Bosque das Froitas dise que se comes unha froita, tes moita sorte. As bolbopechas cerran os cercados que arrodean o bosque. Na Vila das Ánimas dise que o animal máis frecuente é a serpeleira. Pero nos arredores da vila vivían bolefantes, que protexían a vila do tixedilos, excepto nos días de chuvia, por que se oxidan. No Lago das Chapuzaduras vive unha especie de frepolbo á que non lle gusta que manches o lago, xa que o ten que limpar el, aínda que tamén vive no Río Quente e na Illa das Pontes.

María Fernández
(CEIP Álvarez Limeses, 6ºA)



ILLA DAS NOVE CORES

O outro día visitei a Illa das Nove Cores. Esta terra era moi grande, parecida, curiosamente, a unha pera. Nela estaban os picos Dente Agudo, a Illa do Flipo, o Parque Cadelas, a Illa da Paz, o Zoo dos Rapaces Máxicos, as Augas Laranxas, as Augas Verdes e as Augas Rosas. Na Illa do Flipo pasaban cousas estrañas, entrabas e mareábase, e despois aparecías no chan da túa casa. Na cima Dente Agudo pásalo moi ben, xa que o nome non ten nada que ver coa realidade. Alí vivían uns animais chamados abrenoites, que abrían as noites desde as alturas. No Parque das Cadelas as flores cambiaban de lugar e de cor. No Río da Mala Sorte só había auga e mazaliños de mar. No Zoo dos Rapaces Máxicos había xiratelos, pingüipadas e perañas. Era estraño, cambiaba de luar. Na Illa da Paz só con pisar a súa terra entrabas nun soño infinito. Nas Augas Laranxas, rosas e verdes vivían mazaliños de mar e quenllas. Na illa, en xeral, todos eran de distintas cores: vermellos, brancos, rosas, verdes, amarelos, negros, dourados, prateados, grises... A peraña é o animal máis común desta illa. Este animal medra no bosque e despois vaise á cidade, onde lle pica á xente para defenderse.

Saray Freijeiro Arca
(CEIP Álvarez Limeses, 6ºA)



A TERRA DAS ESENCIAS

Cando cheguei á Terra das Esencias quedei pasmado pola súa beleza. Os seus mares, ríos e bosques rebordaban natureza. No norte está a Península do Pavo, que ten de especial a súa forma de pavo. No norte estaba o Lago Escolar, que ten a peculiaridade de que os seus peixes son libros. Pero nestes anos apareceu unha nova especie, o Tesoidilo, que vive no leito do río. No Mar das Leitugas, en vez de corais, existen unhas leitugas nas que moitos peixes viven, como o teloburón. No Cova dos Calzóns vense moitos calzóns voando, como se fosen morcegos. No leste, o Bosque dos Zapatos, no que as árbores teñen zapatos en vez de follas. Neste bosque existen especies como o bicopato, a bolbopecha e a chaveña.

Rodrigo Cumbrao López
(CEIP Álvarez Limeses, 6ºA)



PARAÍSO

A terra da que vos vou falar está situada no ecuador, é moi pequena; e como está no ecuador, o clima é cálido. O monte máis importante é o Cumio Tocaceos, no que habita a cabra montesa común. Alí descubrín unha nova especie, o cabrador, que ten moito medo da xente e por iso vive neste monte. Outra especie que atopei é a tartapá, que habita entre o Mar de Granizado e o Bosque do Temor. Ás veces os cervos do Bosque do Temor soben a beber auga ao Lago dos Tesouros. Algúns dos cervos atragóanse por culpa das moedas que flotan. Outros prefiren ir tomar un sorbo ao fresco Mar de Granizado e as persoas que están alí fanlles fotos.

Alfredo García Fernández
(CEIP Álvarez Limeses, 6ºA)



BIOGRAFÍA DE VIDAURRE

Os escolares do CEIP Pontesampaio preguntábanse quen era o misterioso profesor Vidaurre e, logo de investigar, fixeron interesantes descubrimentos sobre a súa vida e a súa brillante traxectoria como explorador e descubridor.

O nacemento

O profesor Vidaurre naceu o 15 de novembro do ano 1958. Ademais de ser moi curioso, era un bebé interesado polos animais. O que de verdade lle gustaba era pasear polo parque co seu avó, José Manuel Vidaurre, na procura de todo tipo de bechos, escaravellos... é calquera cousa que atopase chamáballe a atención. O seu avó cría que esta curiosidade tiráaa do seu pai, xa que el tamén fora un gran afeccionado aos animais.

Samuel Franco Míguez

O pai de Vidaurre

Para o profesor Vidaurre o seu pai era un grande exemplo, xa que dende pequeno sempre fora moi curioso e gustábanlle os libros de animais. O seu pai tiña unha tenda de fotografía e a Vidaurre encantáballe estar con el pasando o tempo. Á parte da tenda, o pai de Vidaurre tiña outras afeccións, como a natureza. Ata observaba o camiño das formigas! Cando o seu fillo medrou un pouco e foi maior, decidiu seguir os pasos do seu pai.

Alba Barreiro Fernández

A nai de Vidaurre

Ao profesor Vidaurre gustoulle seguir os pasos da súa nai. O seu primeiro agasallo foi unha cámara de fotos. Tivo toda a intelixencia do mundo, que sacara dela e foi ao museo para aprender máis. Da súa nai tamén herdara a axilidade para tirar fotos aos animais que están nas alturas, como o paxador. Tamén fixo natación para ver animais da auga, como o frepolbo. Cando Vidaurre viaxou a Pontesampaio, viu un metrocol, fotografouno e díxolle á súa nai que había moitos máis animais e que el os había atopar todos.

Luis da Cruz Sabajanes

A infancia do profesor Vidaurre

Corría o ano 1965 e o profesor Vidaurre foi a un museo de animais. Ao saír foi á tenda de seu pai, viu moitas cámaras de fotos e quixo unha. O pai díxolle: –Cando teñas máis anos regalareicha. Ao seguinte día ergueuse e foi correndo ao colexio. Tiña un exame sorpresa e sacou un dez, o seu primeiro dez. Era o máis listo da clase. Cando acabou a escola foi para a casa e púxose a estudar porque de maior quería ir á mellor universidade do mundo, a Oxford University. El lía moitos libros e ademais de estudar nunha universidade, quería ser o descubridor de novos animais.

Igor Pérez Barreiro

O primeiro contacto cos animais

Ao ir medrando, interesouse polos animais e foi a Vigo ao zoo da Madroa. Alí estivo en contacto con arroaces, leóns mariños, monos... pasouno en grande! Regaláronlle unha galiña por ir dende a mañá ata a noite. Dáballe de comer seguido porque que era comedora. Os seus pais querían comer; a galiña estaba gordiña. Vidaurre non quería, xa que tiñalle moito cariño! Levábaa ao colexio, ao médico, ao baño, á ducha, aínda que á galiña non lle gustaba a auga. Ata que un día a galiña puxo ovos. Eran os pitíños máis guapos do mundo e acabounos levando a todos con correa. Tiña demasiadas galiñas: brancas, negras, laranxas... Pedíulle ao pai que lle construíra un galiñeiro, para non ir máis con elas ás costas. Vidaurre come coas galiñas na mesa! Aínda que están cansos de telas dentro. Todo apesta e van levalas fóra. Así poderá comezar Primaria tranquilo.

Noemí Bouzón Otero

O paso de Vidaurre pola escola

Cando Vidaurre ía á escola xa tiña claro os estudos que ía seguir de adulto, porque nunha clase estaban a falar dos animais e a fotografía, e interesoulle ese traballo. Os seus pensamentos alegrábano e facían que desexara medrar para poder comezar. Cada día pensaba máis cousas para facer de maior: facerse fotógrafo de animais, ser descubridor e explorador, ser famoso polas súas fotos de animais novos e estraños dos que o home non tiña nin idea. Na escola dicíalles aos seus compañeiros o que quería e ía ser, pero eles contestaban que estaba tolo, que non podería facer iso, e el leváballes a contraria sempre. Non se ofendía polo que dicían os demais, porque estaba segurísimo do que ía ser e do que ía facer.

Rosa Alonso Gómez

O primeiro contacto co mundo da fotografía

O primeiro contacto que o profesor Vidaurre tivo co mundo da fotografía foron as fotografías das paisaxes do mundo. O que máis lle gustaba eran as fotografías que facía o seu pai dos animais do zoolóxico. Vidaurre foi a unha exposición de fotografías e fixo unha carreira para ser fotógrafo. Pasaron tres anos e comprou unha cámara na tenda do seu pai. A súa foto favorita foi a da galiña que tiña. Foi fotógrafo e inmortalizou moitas imaxes: de comuñóns, animais, vodas... De noite vía as estrelas e pensaba que eran os flashes das cámaras. Sempre levaba con el a súa cámara dixital de última tecnoloxía! Vidaurre pensaba mercar un galo para que a súa galiña tivera millóns de ovos. Así tería moitos polos e podería vendelos.

Raquel Castellano Fernández

A primeira cámara de Vidaurre

No ano 1965 o pai de Vidaurre regaloulle a súa primeira cámara, da súa tenda. O 28 de decembro de 1967 fotografou por primeira vez a serpelleira. Un día, o seu pai levouno pescar e pescaron un frepolbo, un tibulatas e viron cinco platafiños. Tamén avistaron un paxador pescando uns peixes. Despois de dous días encontrou un metrocol e foi ensinarllo ao seu pai, que lle dixo que o tirara. Pero colleuno, quitoulle unha foto e despois soltouno.

Alejandro Cabodeiro Miñán

O paso de Vidaurre pola Universidade

Vidaurre estudou na Facultade de Xeografía durante catro anos na

Universidade de Oxford. Despois chegou a ser fotógrafo e explorador.

Adrián Vigo Seoane

A primeira viaxe de Vidaurre

A súa primeira viaxe non estaba claro a onde ía ser. Por iso buscou información dalgún lugar fascinante e a verdade é que moitos eran maravillosos, pero o que máis lle gustou foi Francia. Aos 25 anos marchou cun amigo e ao profesor non é que lle fose moi ben no avión. Cando estaba na metade da viaxe, informárono de que o avión se retrasaría unhas horas e iso non lle gustou nada. Cando por fin chegou alguén, non se sabe quen, rouboulle a cámara e tivo que comprar outra, pero ao ter unha cámara antiga, non sabía usar a nova. Ía cun guía e por desgraza perdeuse. Os plans que tiña non lle gustaban, e así descubriu cousas que non ía descubrir cun guía mesmo encontrou moza, pero non lle foi moi ben. Estivo cinco anos e despois chegou a casa moi contento.

Alba Pesqueira Miñán

A viaxe de Vidaurre a Pontesampaio

En 1988 o profesor Vidaurre foi de vacacións a Galicia, onde escoitou que había algúns animais estraños na provincia de Pontevedra e decidiu percorrela dunha punta á outra. Ata que nun fermoso día de abril, no que estaba a chover, na vila de Pontesampaio atopou, debaixo das gradas do campo de fútbol, varios metrocois que estaban a medir o campo. Ía facerlles unhas fotografías, pero deuse conta de que deixara a cámara na casa de campo. Levou un para a súa casa e ao chegar, deuse conta de que deixara o metrocol no coche. Colleu o metrocol e fixolle a foto antes de que comezara a chover.

Iván Ruibal Seoane

A moza de Vidaurre

O profesor Vidaurre non sentira amor por ninguén que non fora da súa familia. Nunca, ata que a viu por primeira vez, e todo grazas ao destino. Estaba nunha investigación no Grove cando, á hora de facer equipos de submarinismo para fotografar a fauna, tocoulle con ela. Era a mellor en todo, e grazas á súa habilidade sacaron as mellores instantáneas. Entón, Vidaurre notou latexar moi forte o seu corazón, tanto que lle podería saír do peito. Convidouna a saír e ela, moi contenta, díxolle que

sería en Braga, no parque de atraccións. Na noria colleron a mesma cabina, bicáronse ao crepúsculo e decidiron ser noivos. Diana era afeccionada á natureza e quixo ir con Vidaurre a todas as súas investigacións. Ela investigaba e el ilustraba con imaxes os libros dela. Exploraban os recunchos máis recónditos do mundo e pasábano moi ben xuntos. Tiñan tanto en común que, un ano despois, prometéronse e traballaron duro para asegurar un bo futuro. Querían ser felices e viaxar por todo o mundo. Fixéronlle un favor ao pai del, dábanlle copias de libros e fotografías que, ao ser únicas, vendíanse moi ben. Como agasallo de aniversario, ela deulle unha bonita cámara dixital, á que el correspondeu cunha promesa de amor.

Iria Conde Franco

A voda de Vidaurre

O 7 de marzo do ano 1989 casou con Diana no restaurante Rompenubes. Na voda tiveron unha banda sonora, moitos convidados, e unha comida riquísima. Un día despois de casar, Diana quixo ir de viaxe ao Amazonas, xa que lle encantaba a fauna e a flora. Vidaurre pensouno e ao final estivo de acordo porque así tamén podería pasar un bo rato coa súa muller explicándolle os segredos da fauna e da flora. Ao chegar ao aeroporto, Vidaurre entregou os billetes de avión e voaron durante horas ata que chegaron ao Amazonas. A muller, ao saír do aeroporto, quixo deixar rápido a equipaxe no hotel e foi correndo ao bosque cunha mochila chea de auga e comida. Uns días despois perdéronse, e grazas aos coñecementos de Diana e Vidaurre, conseguiron saír sans e salvos. Volveron á súa casa e escribiron esta gran viaxe de lúa de mel nun diario.

José Manuel Sánchez Fernández

Os fillos de Vidaurre

Un ano despois de casar, Vidaurre fixo unha viaxe ao Amazonas coa súa muller Diana. Esta aventura debeuse a que na viaxe de noivos foran a este lugar e Vidaurre namorárase dunha fermosísima ferverna que viran alí. Ao chegar a Galicia, Diana fixo un test de embarazo e deu positivo. Estaba preñada de dúas semanas e eran xemelgos! El ía ter dous fillos, con só 32 anos. A súa muller estaba encantada, pero Vidaurre pensaba que a responsabilidade de teren fillos era moita e temía que lle afectara á súa profesión. O 23 de xuño de 1991 naceron

os xemelgos e tres meses despois souberon que ían ser papás outra vez. Con dous nenínos xa lles chegaba, pero ían ter outro, esta vez unha nena. Cheo de rabia, pero á vez contento por ter unha nena, xurou non volver ter fillos. A pesar disto seguiu coa súa profesión, que lle apaixonaba moito. Diego, Xoán e Clara (os seus fillos) foron medrando e cada vez gustábanlle máis as historias que lle contaban os seus pais sobre as súas apaixonantes viaxes a cada un dos recunchos de planeta.

Marta Reguera Ríos

A relación de Vidaurre con outros científicos

Este ídolo da fotografía, Vidaurre, non tiña relación con outros científicos, todos ían detrás dos mesmos animais. Na súa primeira viaxe a Francia, todos compraron billetes para ir con el e molestalo. Cada dous por tres pelexaban por ser os primeiros en atopar un novo animal fantástico. O fotógrafo retirouse cando xa era famoso. Vidaurre enviáballe as fotos a Xosé Ballesteros, que investigaba toda a información que puidera atopar sobre eses animais.

Roberto García García

Os anos de madurez do profesor Vidaurre

Vidaurre independizouse moi novo porque, como era moi curioso, intelixente e aventureiro, quixo seguir o seu camiño. Tivo o seu primeiro traballo na tenda do seu pai, que lle daba algunhas moediñas por axudalo. Máis tarde comezaron a interesarlle diversos traballos. Decidiu investigar e fotografar animais extraordinarios que ninguén imaxinou xamais. Fixo moitas viaxes, pero na segunda atopou a moza dos seus soños. Casou e tivo fillos. Deuse conta de que ter rapaces é unha gran responsabilidade e unha das maiores alegrías do mundo.

Noa da Silva Álvarez

Recoñecementos á figura de Vidaurre

Cando o profesor Vidaurre era xa maior, o alcalde decidiu poñerlle o nome a unha rúa de Pontevedra. Ese mesmo día na inauguración, déronlle a chave da cidade e tamén unha medalla por ser o mellor fotógrafo. Despois de ser o mellor fotógrafo da cidade, foi un bo ídolo da fotografía e quixo ir descubrir máis animais por todo o mundo.

Angie Tatiana Costoyas Cabrera

Fotografía de Juan Vidaurre do libro *Imaxina animais* de Kalandraka.



• A FICCIÓN SUPERA A REALIDADE

“A Guía Neesia” recolle feitos extraordinarios. Máis chamativos aínda son os acontecementos descritos polo alumnado do CEP Marcos da Portela e do CEIP de Marcón.

HIROSHII TANAKA CONSEGUE MEDITAR DURANTE 150 ANOS SEGUIDOS

Houbo unha vez, en 1840, en Quioto, a antiga capital imperial do Xapón, un home chamado Hiroshi Tanaka que decidiu meditar 150 anos seguidos. Hiroshi Tanaka estaba moi tolo e a súa familia tamén, así que a todos lles pareceu ben. No barrio onde vivía, á xente non lle pareceu ben porque era unha aventura moi arriscada. Hiroshi Tanaka decidiu meditar na alfombra da súa habitación. Pero a súa nai non lle deixou, así que meditou no bosque que había ao lado da súa casa. Morreu aos tres días de comezar a meditar. O 3 de xullo de 1990 sepultaron os seus ósos con grandes honras e a tristura dos seus fillos e familiares.

Anónimo
(CEIP de Marcón)

INCRIBLE

Lucio Ben Griffon é a primeira persoa no mundo con dúas mans que é capaz de facer sete poemas á vez e ao mesmo tempo cocinar e cantar a canción Bos días en árabe. Tamén dorme a sesta das cinco e media. Este home naceu un 23 de xullo do 1983, cun cociente intelectual por riba da media, por iso ten a capacidade de poder facer todo isto. A súa nai declarou ante a prensa: -Xa cando era pequeno era capaz de tomar o biberon, de estar no parque e durmir á vez. Era increíble!
O día no que a filla deste home lle pediu que a levara ao cine e que á vez lle fixera a cea, Lucio Griffon díxolle: -Non teño corenta mans!

Natalia Fiuza
(CEP Marcos da Portela, 6ªA)

ANO FUGAZ

Ao longo de tres segundos do ano 1992, para sermos máis exactos, ás tres da tarde do 5 de agosto, foi o 3 de decembro do ano 1315. A terra deixou de xirar cara adiante e empezou a virar marcha atrás. Durante 3 segundos, os vellos viraron máis mozos e sen engurras. Os científicos observaron que dous meteoritos que chocaran fortemente produciran unha onda expansiva que empurrou a Terra cara atrás.

Gabriel Santos Cainzos
(CEP Marcos da Portela, 6ªB)

MISTERIO

No fondo do lago Gruss, ao norte de Groenlandia do sur, vive un monstro invisible que fai a súa aparición cada 1500 millóns de anos. A última vez que emerxeu foi hai 140 millóns de anos, pero ninguén o viu. Agora inténtase encontrar ese monstro mediante cámaras submarinas, pero sempre que chegan ao fondo pérdese o sinal e da cámara non se volve saber. Os científicos decidiron somerxer un submarino. A información que recolleu é que non había nada, entón decidiron deixar esa investigación. Despois de 1360 anos retomouse a investigación porque un dos habitantes sufriu un ataque misterioso no que aparecían trabadas de dentes xigantes e tamén pegadas. A decisión do goberno de baleirar a auga do lago non agrada os habitantes das vilas próximas. A pesar das manifestacións en contra, o goberno baleirou a auga do lago, pero non viron nada anormal. Por se acaso, deixaron o lago sen auga e instaláronse 27 cámaras de vixilancia ao redor. Hoxe en día só quedan dúas enteiras.

Pablo Vilán Mancuello
(CEP Marcos da Portela, 6ªC)

PUÑOS

O 9 de xaneiro de 1902, en Alemaña, celebrouse un combate entre José Froilán e Vladimir Skuski, gañou o xamaicano Peter Vernon, que rematou con Pablo Cruz. A xente que estaba a ver o combate quedou anonadada e non entendía o que pasaba. O alcalde da cidade onde se celebrou o combate pediu que se volvесе facer a pelexa e pasou o mesmo. A xente de alí cría que o ring estaba encantado e nunca se volveu combater alí.

Pablo Abelleira Acebedo
(CEP Marcos da Portela, 6ªA)

VORACIDADE

No día de aninovo de 1992, unha señora de Kentucky (EUA) tiña moita fame e non sabía que facer, entón decidiu pola tarde, ás nove e media, comer un piano, un ordenador persoal, catro pratos de bronce e unha colección de discos. Deulle unha dor terrible de estómago, entón foi ao hospital. O doutor Ventura decidiu que había que operar. Ela autorizou que a operaran porque non podía máis con esa dor. O doutor Ventura levouna ao quirófano e operárona inmediatamente. Quedoulle unha cicatriz de 84 centímetros. Foi unha operación moi perigosa, puido morrer no seu transcurso. Á señora

días perdido, decatouse de que estaba a navegar en círculos.

Lucía Caramés Jurado
(CEP Marcos da Portela, 6ªA)

DIVINO TESOURO

M'Kuno Bembé é o home máis novo do mundo. Toda a xente está tola coa nova porque non o poden crer. Todas as televisións están alí entrevistando á nai. Pero de alí a dúas horas pasou unha cousa horrible, deixou de ser o home máis novo do mundo porque naceu un home dúas horas máis novo en Burquina Faso.

Adrián Sanmartín Blanco
(CEP Marcos da Portela, 6ªA)

NATIVIDADE

No ano 1995 o bebé Joaquim Neves naceu por primeira vez na aldea de Ingesta. Todos os días desde entón nace oito veces ao día. Isto sucede porque os pais do neno son moi pobres e grazas ao enxeño da nai, o neno nace oito veces ao día e cobra por familia numerosa, xa que cada vez que nace o neno, rexístrano con nome diferente, aínda que sempre sexa o mesmo. Acontece así porque a nai devolve o neno á barriga despois de cada nacemento.

Marta Alonso Estévez
(CEP Marcos da Portela, 6ªA)

FORTUNA

O norteamericano Fred Astaire mercou un Buick porque tiña un casting para facer un anuncio e esquecera alugar unha limusina. Foi ao concesionario, e como a súa cor favorita era o vermello, mercou o Buick vermello. De camiño ao casting tiña moita sede. Chegou e resultou que non tiñan auga. Despois do casting, Fred Astaire tiña cita co seu dentista Lázaro W. Lewinsky. Como seguía a ter sede, pediulle un vaso de auga. Ao sr. Lewinsky só lle quedaba unha botella de auga e estaba quente. Tanta sede tiña Fred Astaire que igualmente tomou un vaso daquela auga quente. O dentista non tiña moito diñeiro, así que púxose a aforrar e, despois de 17 anos, conseguiu mercar unha neveira.

Sofía Arboleda Ramírez
(CEP Marcos da Portela, 6ªC)

POLIGNORANT

Chang Bu Fo, un veciño do 700 de Shanghai, China, di que non coñece 47 idiomas á perfección. O día 16 de outubro díxolle aos seus veciños que ía intentar non saber ningún idioma, nin o seu propio. A tele di que houbo un caso igual. Un señor vello que intentara olvidar a súa lingua pero non fora capaz.

Anónimo
(CEP Marcos da Portela)

ANÓNIMO

Pipo naceu en Canarias, pero con dous meses marchou para Cochabamba, onde vive agora mesmo. En Canarias xa ninguén se lembra del e en Cochabamba non o coñecen. A aspiración de Pipo era saír no xornal por ser o canario con menos fama do mundo. De Canarias fuxiran os seus pais porque había alguén que o coñecía. En Cochabamba escondéronse na súa casa, á que lle taparon todos os buratos con táboas.

José Manuel Álvarez
(CEP Marcos da Portela, 6ªC)




Ilustración de Marc Taefer do libro *A Guía Neesia* de Faktoria K de Libros

PERSEVERANZA

En 1840, Hiroshi Tanaka, residente en Quioto, a antiga capital imperial do Xapón, propúxose meditar durante cento cincuenta anos seguidos. E así foi. Ao día seguinte de se cumprir o prazo, o tres de xullo de mil novecentos noventa, sepultaron os seus ósos con grandes honras. Os científicos investigaron este fenómeno e descubriron que o home meditara para saber perfectamente como pasarlle o ferro á roupa sen que se queimara. Entrevistamos á súa muller María, que nos dixo: -Eu só lle dixen “pásalle o ferro á roupa, que eu estou ocupada comendo e mirando a televisión.” Con estas pistas os científicos resolveron este caso e decidiron que o home quería pasarlle o ferro moi ben porque se non a muller ía pasarllo a el.

Lucía Gil
(CEP Marcos da Portela, 6ªB)

Felber deulle igual o piano e esas cousas, porque tiña moito diñeiro. Os seus pais son Filipe Felber e Maruxa Felber, uns señores con moita clase. A señora Felber saíu moi ben da operación, pero tivo que empezar a comer cousas moi suaves. Morreu no ano 2005 dun empacho de macarróns.

Samuel Martín Franco
(CEP Marcos da Portela, 6ªC)

DESTINO

Van Drop, un vietnamita que naceu o 5 de xullo de 1954, o día 15 de febreiro de 1970 colleu o seu bote da Cheikao (marca italiana) e dispúxose a navegar polo exótico río Mekong, do sureste asiático. Mentres navegaba, perdeuse na frondosa selva que arrodea este fermoso río. Despois de 24

• MAIS SUCECOS ABRAIANTES

O SUCECO

O día 26 de maio de 1497, durante o reinado de Sabela de Castela e Fernando de Aragón, ás onze e media da mañá, non pasou absolutamente nada.

Alba López Filgueira
(CEP Marcos da Portela, 6ªB)

QUE SORPRESA

O científico Gacha Soledad, despois de moitos anos realizando experimentos en Francia, conseguiu descubrir, o día 8 de maio de 1989, que o sol saía todos os días e que non se vía por culpa das nubes. Tamén chegou á conclusión de que de noite tampouco se pode ver este asombroso astro.

Antonio de la Fuente Rodríguez
(CEP Marcos da Portela, 6ªA)

ENTRE NEGROS E BRANCOS

En 2013, na Black & White Street de Nova Jersey, Whitey, un negro de 36 anos, mercou unha camiseta branca, e Blacky, un branco de 63 anos, mercou unha camiseta negra. Ambos os dous foron os protagonistas da película Raíces II, filmada en branco e negro.

Lucía Gil Fernández
(CEP Marcos da Portela, 6ªB)

A CARREIRA

O 19 de xullo de 1992 na carreira benéfica de “Lucas Treck” contra o cancro, celebrada en París, gañou o Sr. Steve Luck, un veciño da localidade de Málaga que estaba de vacacións nas Maldivas.

Juliany Rondón Martínez
(CEP Marcos da Portela, 6ªC)

A COLA DO PARO

No 2005, na cola do paro, presentáronse unha interminable fila de serpes para traballar como bolsos, carteiras, cinturóns...

Sofía Abeledo Ramírez
(CEP Marcos da Portela, 6ªC)

OS ESPAGUETES MÁIS LONGOS DO MUNDO

Nunha cidade de Italia, no local Telasatelá, elaboraron uns espaguetes de oito quilómetros de longo e retaron a Martín Cabroles a comelos. Este aceptou e tardou un mes. Cando aceptou e tardou un mes. Cando rematou de inxerilos pediu unha filloa rechea de chocolate.

Juliany Rondón Martínez
(CEP Marcos da Portela, 6ªC)

SACÁNDOLLE O MELLOR PARTIDO A UNHA VACA

Un granxeiro descobre como facer que a vaca, ademais de dar leite, tamén dea chocolate.

O granxeiro Roberto Leitón Muxideiro descubriu que dándolle á vaca de comer herba con cacao e azucre, ademais de dar leite, tamén dá chocolate. Este descubrimento aconteceu o 13 de abril do ano pasado, cando a Roberto lle caera o cacao con azucre preto de onde se atopaban as vacas e non se molestou en recollelo. As vacas foron comer a herba, que estaba chea de cacao. Ao día seguinte, cando Roberto as foi muxir, saía leite e chocolate polos catros tetos.

Marta Martínez Martínez
(CEP Marcos da Portela, 6ªB)

CONTOS AO REVÉS

As historias de “Non hai escapatoria” contan dende agora con novos e emocionantes principios

O BOSQUE

Un día, un grupo de amigos foi ao bosque coa idea de buscar mazás polo lugar. O bosque era grande e era moi fácil perderse. Contaban moitas historias na vila sobre xente que se perdera nel e nunca máis volveu, pero o grupo de amigos non cría nesas historias. Cando os cinco amigos entraron no bosque, separáronse en dous grupos e, despois de recoller cada grupo

Unha tarde de inverno, Libreto viu ao lonxe a uns nenos que falaban, felices, do partido do día anterior. Estes nenos achegábanse cada vez máis e xa se distinguía que eran dúas nenas e dous nenos os que ían cara á laranxeira para degustar as doces laranxas da laranxeira. Cando os nenos viron o libro, intrigados, collérono e foron pasando páxinas: unha, dúas, tres... e seguiron: dez, once, doce, catorce... e aí pararon, ao se daren de

que estaba no chan, colleu forzas e derrubou a Thor, que estaba distraído co poder do martelo. O martelo caeu enriba de Anxo, que morreu. Thor non podía velo así, polo que el tamén se deu un golpe co martelo e quedou destruído.

Rubén Salgueiro Fernández
(CEIP A Carballeira, 5º)

parella tivera un accidente de tráfico e que tan só a muller conseguira sobrevivir. Ela contoulle á policía que o seu noivo xa sabía o que ía pasar, por iso lle pediu un abrazo e que lle dixera que o amaba, xa que sabía que nunca máis ía escoitar esas palabras nin recibir abrazos.

Silvia Vilas González
(CEIP A Carballeira, 6º)

BOSQUE MISTERIOSO

Era unha mañá de primavera cando Carlos, Lula, Constance e Saenia, foron xogar ao bosque. Alí estaban a pasar cousas moi estrañas...

Entraron nel, pero cando empezaron a camiñar parecía que o bosque non tiña fin. Retrocederon, escoitaban sons que non oíran xamais. Pasaron varias horas e non deron atopado o camiño correcto que os conduciría de volta á casa. Como por arte de maxia, apareceu un burato xigante no chan que tragou a Lula e, ela, asustada, berraba. Leto intentou tirar dela, pero non o conseguiu e arrastrouno tamén a el. Só quedaban Carlos, Constance e Saenia. No camiño apareceu unha luz cegadora e misteriosa. Saenia, como era moi curiosa, achegouse a ela. Os seus amigos non a deixaban pasar, pero ela non lles fixo caso. Tocou a luz e viu uns puntitos luminosos que a observaban. Saenia quedou durmida e desapareceu.

Cando Saenia espertou, estaba rodeada de nubes e voaba cara o ceo, cun vestido branco e ás brillantes. Comprende así que non volvería ver endexamais todo o que coñecía.

Cristina Sanz
(CEIP A Carballeira, 5º)

O AMOR SUPÓN DAR A TÚA VIDA POR ALGUÉN

Cando Diego percorría coa súa moza Catuxa as rúas da súa fermosa cidade, Madrid, quixo frear e deuse conta de que os freos estaban a fallar. Ao non poder frear ía aumentando a velocidade da moto e Catuxa empezou a asustarse, xa que ía moi rápido, e díxolle a Diego que baixara a velocidade. El, como non podía facer nada cos freos e non quería que Cata se asustase máis, seguiulle a corrente e non lle dixo nada do que pasaba. Diego pediulle un abrazo a Cata, que había ser o máis forte que lle dera xamais, e que faría o que ela dicía. Ela deullo e volveulle pedir que baixara a velocidade. El sabía que non podía e díxolle que o faría se lle dicía que o amaba. Ela fíxoo e pediulle doutra volta que baixara a velocidade. Diego pediulle por último que puxera o casco e ela fíxoo, e volveulle pedir que baixara a velocidade. Diego díxolle que xa ía frear, pero non era certo. Á mañá seguinte saíu no telexornal que unha

Patricia Rodríguez Torres
(CEIP A Carballeira, 6º)

NONSEI, O PEIXE

No fondo do mar había unha cova escura onde un gran peixe puxera os seus ovos. Un bo día os ovos comezaron romper todos ao mesmo tempo, menos un, que tardou en romper, xa que era pequeno de máis. Os seus irmáns foron nadar. Cando rompeu a casca, a nai púxose moi contenta polo seu fillo. O peixe era moi pequeno e estaba moi triste porque os seus irmáns nadaban todos xuntos e el non podía. A súa nai díxolle: -Meu fillo, non pasa nada por non poder nadar, xa verás como algún día ti tamén poderás facelo como os teus irmáns. -O peixe díxolle á súa nai: -Mamá, se fose maior nadaba. -A nai deulle de comer ao pequeno, que empezou a medrar moi rápido. A súa nai púxerlle de nome Nonsei.

Ao noso peixe pasoulle algo, púxose enfermo. A nai e os irmáns estaban moi tristes. O pai tamén estaba alí con eles e o peixe foise poñendo ben. A nai foi buscar comida para o pequeno e aos poucos foi nadando cada vez mellor. Nonsei estaba moi contento.

Úrsula Montoya Salazar
(CEIP A Carballeira, 6º)



as suficientes mazás, reuníronse e empezaron a camiñar en dirección á vila. Pasaron horas e horas, e tiñan a sensación de estaren a dar voltas e voltas. Despois de dous meses, alguén da vila os deu por desaparecidos e nunca máis volveron ver o grupo de amigos.

Suso Dios Santaro
(CEIP A Carballeira, 5º)

ROTURA

Libreto era un libro de aventuras que xa tiña moitos anos. O último mozo que o tivera rompéralle unha páxina e, como xa sabía o libro de memoria, deixáralo sen ela. Pero iso xa é pasado; Libreto está agora mesmo abandonado á sombra dunha laranxeira. Sofre en silencio a súa rotura. Libreto non perde a esperanza de volver ser un libro feliz e famoso.

conta de que faltaba unha páxina. Os nenos levaron o libro a casa de Paulo, un dos nenos, para poder botarlle unha ollada. Ao día seguinte pola mañá, Libreto atopouse nun sitio descoñecido. Paulo colleuno para levalo ao colexio. Ese día reuníronse todos no patio para ler o libro e pensar en como reencher a páxina que faltaba. Nese intre, Inmaculada e Ignacio, os máis misteriosos dos nenos da escola, foron meter o nariz no que facían e descubriron o seu plan. Os nenos levaron o libro á biblioteca e rexistrárono no catálogo da biblioteca. Os nenos que había naquel momento na biblioteca decidiron coller o libro para lelo.

Dende logo, Libreto quedou feliz e co paso do tempo converteuse no conto máis lido da biblioteca. Os nenos sentíronse satisfeitos polo seu traballo e agora van todos os días á biblioteca da súa escola.

Raquel Vázquez Rodríguez
(CEIP A Carballeira, 5º)

O MARTELO

Un bo día, Thor chegou a un coliseo no que, debaixo dunha mesa, había un martelo que tiña o poder de ser capaz de destruír o planeta enteiro. Baixando do ceo apareceu Anxo, o seu compañeiro. Anxo viñera para advertir a Thor do poder destrutivo que tiña o martelo. Pero Thor non lle fixo caso e proseguíu coa súa busca para atopar o martelo. Anxo non o puido parar, así que o único que se lle ocorreu foi distraelo, pero non funcionou; entón, decidiu atacalo. Estiveron pelexando máis de hora e media, ata que Anxo caeu derrotado. Thor mirou debaixo dunha mesa que alí había e atopou o martelo. Colleuno e, de súpeto, Anxo,

A BIBLIOTECA [CEIP SANTO ANDRÉ DE XEVE]

A nosa biblioteca é un espazo onde lemos, escoitamos, falamos, aprendemos e nos divertimos arredor dos libros. Larapeto é a nosa mascota. Como é moi curioso e ten moitas ganas de aprender, propón actividades para que os nenos e nenas do colexio investiguen. Chamámoslle “Larapeto quere saber”, “Larapeto preguntón” ou “Segue as pistas con Larapeto”. Este curso invitounos a participar en:

- “Segue as pistas...” e descubre o novo personaxe de Nadal (que este ano foi o Tió de Nadal catalán).
- “Larapeto quere saber”, quen é quen no Entroido galego.
- “Larapeto preguntón”, investigación sobre a camelia partindo do Congreso Internacional desta flor que tivo lugar en Pontevedra.

A “prima” de Larapeto, Mochileta, continúa viaxando polas casas do alumnado. Todos os cursos gozan en familia de libros para grandes e pequenos, músicas e cancións, algunha película ou documental. As familias lectoras explican e/ou debuxan o que máis lles gustou ou lles chamou a atención. Mesmo mandan algún postre elaborado despois de ler un libro de cociña. Os

“Patrulleiros de Larapeto” son equipos de escolares que se encargan de ordenar libros, atender préstamos ou colaborar na montaxe de exposicións de materiais da biblioteca escolar. Larapeto tamén anima as familias a participar no Tempo de Ler:

- Contando contos
- Falando dos seus traballos
- Narrando experiencias ou viaxes.

A biblioteca de Xeve ten moita sorte de ter unhas familias tan participativas! E para que todos coñezan o que se “coce na biblio”, cada trimestre publícase o biblioboletín “Trouladas”. Tamén se organizan itinerarios lectores, pasaportes de lectura, visitas de autores, ilustradores, contacontos. Neste ano contamos con Olalla González e Marc Taeger, Chema Heras... Rematamos o Ano Rosalía con diferentes actividades durante o primeiro trimestre. Como colofón celebramos o “Nadal con Rosalía”, un festival no que cada clase presentou as súas aportacións sobre Rosalía (recitados, cancións, obras de teatro) e unha panxoliña inventada para a ocasión. E ademais celebramos os días importantes da Biblio (Día das Bibliotecas Escolares, Día da Poesía, Día do Libro), ocasións que aproveitamos para compartir momentos de lectura inesquecibles.



ENTREVISTA

María Campos e Carlos Yus | Migallas Teatro.

“Nas cidades non se ve o proceso do pan de millo e pensamos que había que inventar unha canción para que os nenos pequenos o entendesen”

Recibíronos con moitos debuxos das cancións de “Pan de millo”, pendurados nos paneis da biblioteca escolar. María Campos e Carlos Yus, de Migallas Teatro, visitaron o CEIP Santo André de Xeve para compartir co alumnado de 5º e 6º algunhas anécdotas da súa traxectoria artística e do seu recente libro-disco.

Por que escollestes o nome de Migallas para o grupo?

Carlos Yus: Nós empezamos a xogar ao teatro hai máis de vinte anos porque se pasa moi ben. Podes facer moitos personaxes, como de neno pequeno...

María Campos (con voz infantil): Pásalo moi ben porque non tes vergonza ningunha, podes ser o personaxe que queiras. Eu pásoo fatal cando non son un personaxe, pero sendo un personaxe estou xenial.

C.Y.: A min tamén me gustaba inventar cancións, así que xuntámonos e creamos un espectáculo que se chama “O cantante e as mulleres”: eu cantaba e ela facía personaxes. Unha vez viñamos no coche, de buscar unha das nosas fillas, e dixonos “Por que non vos chamades Migallas?”. O pai de María ten un irmán xemelgo e, como de pequenos eran moi parecidos, a un chamábanlle Migallas e a outro Farangullas. Entón puxémonos ese nome.

C.Y.: Un ano fixemos un espectáculo de teatro con sesenta persoas. Actuamos na Feira Franca de Pontevedra cunha función sobre a Revolta dos Irmandiños na Idade Media. Sabedes de onde eran os actores?

De Xeve! (contestan todos os escolares).

M.C.: Seguro que había moitos pais e avós vosos que estaban na obra. Aquí, en Xeve, hai moi bos

actores e actrices. Seino porque xa estiven nesta escola hai moitos anos dando teatro a nenos coma vós. Tamén me encantaba ir contar contos a Verdudico; eu chegaba alí, feliz co meu cesto e cun paxaro, que levaba ás veces. Foi unha experiencia das máis bonitas da miña vida.

Cal é a canción de “Pan de millo” que máis vos gustou?

M.C.: Unha das que máis me gusta é “Miña Abuela Manuela” porque realmente existiu. Era a miña bisavoa e está feita con recordos dela. Había cousas que me encantaban: viña por detrás dos meus pais e dábame algunha cousa sen que eles o soubesen. Pero tamén se enfadaba, tiña un vimbio escondido e diciame “Vén para acá”. A miña Abuela Manuela era así. Pasado o tempo, só me fun acordando das cousas boas: daquel mandil que tiña uns petos grandes dos que sacaba cousas, daquelas lentes redondas, daquelas medias de cores, daquela chaqueta rota... Tiña moitas chaquetas novas, pero ela poñía aquela vella para non estragar as outras; a min parecíanme bolboretas, aqueles buratiños.

C.Y.: Entón, dixemos que podíamos facer unha canción dedicada á Abuela Manuela de María, e a todos os avós e avoas. Porque se preocupan moito de nós, apréndennos moitas cousas e pasámolo moi ben con eles.

Cantos discos tedes?

M.C.: Dous, “Canta connosco!” e “Pan de millo”. Pero Carlos hai moito tempo gravou unha cinta de casete. Vós sabedes que son as cintas de casete?

C.Y.: Un día estabamos almorzando e alguén tiña que aprender os nomes dos ósos do corpo. Entón, fixemos o “Rap do esqueleto”. Despois inventamos outra sobre os libros, porque nos gusta moito ler. E, ao final animámonos a gravar o disco “Canta connosco!”.

En que vos inspirades para compoñer?

M.C.: Para a canción de “Pan de millo”, como nós facemos teatro e eu teño un grupo de rapaces nun obradoiro que se chama “Á procura do tesouro”, estabamos xogando co millo, debullando, esfollando, peneirando, facendo castelos con carozos... Nas cidades non se ve o proceso do pan e millo e pensamos que había que inventar unha canción para que os nenos pequenos o entendesen. Entón, empezamos a xogar coa canción.

C.Y.: No disco “Pan de millo” tamén hai cancións que non inventamos nós. Son cancións moi antigas da nosa terra, que xa cantaban os nosos tatata-tataravós, como por exemplo “Unha vella tiña un can”, “O tiroliro” ou “O piollo e a pulga”. E nós fixemos versións diferentes coa axuda de dous amigos músicos, Paulo Nogueira e Magoia Bodega.



Migallas con alumnos do CEIP Santo André de Xeve

ADIVIÑAS CANTAREIRAS

Primeiro cantaron a canción “Que cousa, cousiña é?” de “Pan de millo”. Os escolares de 6º do CEIP de Marcón crearon logo as súas propias adiviñas.

Fonte de leite
que vive no prado,
e espanta as moscas
co seu rabo.
(acav A)

Antía Bernárdez Torres
(CEIP Santo André de Xeve, 5º)

Personiña, personiña,
que de mobilidade carece,
e por detrás do telón
coma un raio aparece.
(euqercinom O)

Lois García
(CEIP Marcón, 6º)

Arco da vella de plumas
de cores moi fermosas,
e falador, máis do que acostumas.
Que animal é?
(oiagapap O)

Pablo Ces Lafuente
(CEIP Santo André de Xeve, 5º)

Bastón de moitas cores,
que se abre
para que non te molles.
(saguarap O)

Pablo Ruibal Varela
(CEIP Santo André de Xeve, 5º)

Libro de matemáticas
semellante a unha letra,
que co tempo corre
como se fose un atleta.
(oxoler O)

Uxía Camiña Portas
(CEIP Marcón, 6º)

Puzzle de lúa
que roda polo chan,
se ten unha púa
pínchase nun bang!
(atoleP)

Pablo Rodríguez Sánchez
(CEIP Santo André de Xeve, 5º)

Follas sen clorofila
rasgadas, con debuxos,
que nos axudan a aprender
con todos os luxos.
(sorbil sO)

Nerea Martínez Cobas
(CEIP Marcón, 6º)

Branca coma as nubes
fría coma o vento,
e se nela estás
quedas sen alento.
(even A)

Dinke Suárez Dopico
(CEIP Marcón, 6º)

Cravos de cores mil
que suxeitan o papel,
nas cortizas da parede
para que non se poidan mover.
(satehcnih SA)

Toni Argibay Ligero
(CEIP Marcón, 6º)

Serve para viaxar
e tamén para imaxinar,
a xente entra e sae
pero nunca se distrae.
(acetoilbib A)

Sara Casqueiro Barreiro
(CEIP Marcón, 6º)

Manxar verde verza
que ten barriga de cervexa.
(arep A)

Pablo González Meixós
(CEIP Marcón, 6º)

Moitas follas ten,
cousas relata
e debuxos tamén.
(orbil O)

Andrea Coto Solla
(CEIP Marcón, 6º)

LIBRO RECOMENDADO



PAN DE MILLO Migallas / Dani Padrón

Kalandraka, 2013
64 páx. | 16 x 16 cm | P.V.P. 20 euros
ISBN: 978-84-8464-847-5

Migallas Teatro anima a cantar e a bailar a toda a familia neste libro-disco ilustrado, con colaboracións de prestixiosos músicos galegos.